

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 20 de abril de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández

**Invitados**

D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte de abril de de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(321).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de marzo, extraordinaria e urxente do 31 de marzo, ordinaria e extraordinaria e urxente do 6 de abril de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(322).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “FUNDACIÓN MENELA” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR- ANO 2017. EXPTE. 138054/301.**

Visto o informe xurídico do 24/03/17 e o informe de fiscalización do 31/03/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/03/17, asinado polo xefe de Área de Benestar

Social, a concelleira-delegada de Política Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. Marco normativo:

De acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase agora na Admón. autonómica. Con todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

#### II. Xustificación do Convenio coa Fundación Menela 2017:

Na área de persoas con discapacidade da Concellería de Política Social estanse a levar a cabo diferentes programas e proxectos dirixidos á atención integral das persoas con discapacidades e as súas familias.

No ano 2007 iniciouse un programa de respiro familiar coa finalidade de proporcionar medios facilitadores para que as familias poidan afrontar as situacións, moitas veces conflitivas e estresantes, que se derivan da convivencia cunha persoa con discapacidade intelectual, ofrecendo un espazo de tranquilidade e descanso ós pais/nais, irmáns ou titores para que

“carguen pilas”; feito que repercutirá tamén positivamente na evolución da persoa con discapacidade intelectual.

Poderán beneficiarse do programa de respiro familiar as persoas con discapacidade de idades comprendidas entre os 3 e os 50 anos, empadroadas no Concello de Vigo e que fagan a achega correspondente.

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Concello acompañadas da seguinte documentación:

- Ficha de datos persoais
- Ficha de coñecemento
- Ficha médica-autorización
- Autorización cesión de imaxes.

O programa comprende estanzas de curta duración, que poden ser como mínimo dun día ata un máximo de tres en fin de semana, pontes ou festivos. Os casos urxentes atenderanse calquera día da semana ata un máximo de catro días. O número máximo de usuarios por estanza é de seis persoas, atendidos por dous profesionais cualificados que permiten garantir ás familias a prestación dos servizos, poidendo contar co servizo de voluntariado se fose preciso.

Todos os fins de semana que se realice este programa de respiro familiar deberá haber, como mínimo, catro persoas usuarias.

A actividade residencial do respiro familiar ten lugar no edificio CAMI da Fundación Menela, ubicado na rúa Laxe, nº 3. O edificio, situado no centro histórico de Vigo, conta con catro andares, deseñados especialmente para facilitar a plena accesibilidade das persoas con discapacidade, nun contorno urbano que facilita a realización de múltiples actividades. Nestas instalacións, á parte das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc. realízanse tamén actividades lúdicas (xogos de mesa, dinámicas individuais e grupais, manualidades), sesións de cine, etc. Dado que este é un servizo de lecer, fóra do edificio fanse saídas de socialización que consisten en levar ós usuarios do programa a lugares normalizados da comunidade para conseguir a súa integración nunha vida o máis normalizada posible: cafeterías, discotecas, cines, concertos musicais, praias, etc. As actividades adaptaranse ás características individuais de cada persoa.

A vixencia deste convenio será dun ano (2017), debendo a beneficiaria xustificar antes do 15 de novembro de 2017 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

Este programa lévase a cabo a través da sinatura dun convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a Fundación Menela. Esta fundación ten por obxecto a realización, sen ánimo de lucro, das seguintes finalidades:

- Fomentar e prestar todo tipo de axudas ó estudo.
- Investigación, promoción e asistencia nos seus aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sufran enfermidade ou marxinação social, especialmente ós enfermos ou deficientes mentais, minusválidos psíquicos ou físicos, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando desta forma mellorar a súa calidade de vida, desenvolvemento humano, mellora do seu

contorno familiar e social e fomentar accións de cara á atención destas persoas por calquera institución e organismo público ou privado.

Para a realización deste programa de respiro familiar existe no orzamento da Concellería de Política Social consignación de crédito na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 por un importe de 8.000 € - “*Convenio Fundación Menela*”.

A concesión da referida subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases núms. 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a «Fundación Menela» (CIF G-36685964), para o desenvolvemento dun programa de respiro familiar dirixido a familias e cuidadores habituais de persoas afectadas por algunha discapacidade – ano 2017.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 8.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.09 -*Convenio Fundación Menela*– do orzamento vixente.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MENELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR – ANO 2017».

En Vigo, na Casa do Concello, o ..... de 2017

### COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, con DNI nº 35195099-Q, Secretario da “Fundación Menela”, CIF nº G-36685964, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Marqués de Alcedo, nº 19, CP 36203 Vigo.

#### INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Cipriano Luís Jiménez Casas, actuando en representación da “Fundación Menela”, segundo así resulta da escritura de constitución e dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011, 20.03.2013 e 11.03.2016).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

#### EXPOÑEN

I.- Que a “Fundación Menela” é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxectivo o fomento e a prestación de todo tipo de axudas ó estudo, investigación, promoción e asistencia, nos aspectos legais, económicos, sociais, culturais, sanitarios, laborais, de rehabilitación e integración e calquera outro de semellante natureza ás persoas que sofren enfermidade ou marxinação social; en especial, ós enfermos con discapacidade mental, psíquica ou física, autistas, psicóticos e con outros trastornos semellantes, procurando deste xeito mellorar a súa calidade de vida, o desenvolvemento humano, mellorar o seu contorno social e familiar e fomentar accións cara a atención destas persoas por calquera institución u organismo público ou privado.

II.- Que, a través de convenios como o presente, a “Fundación Menela” ven prestando un servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender ós seus compromisos de traballo, celebracións sociais, lecer, actos culturais, citas médicas, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este servizo para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

IV.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da

comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns

especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervenientes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Fundación Menela” para a prestación dun servizo a familiares ou cuidadores habituais de persoas con discapacidade que precisan dispoñer puntualmente de tempo libre para atender compromisos de traballo, celebracións sociais, ocio, actos culturais, citas médicas, etc., consistente en estanzas de curta duración das persoas discapacitadas no edificio CAMI da “Fundación Menela”, situado na rúa Laxe nº 3 de Vigo, onde, ademais das actividades de autovalimento, aseo, alimentación, etc., realízanse tamén actividades lúdicas, sesións de cine, etc.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada da Área de Política Social, e a “Fundación Menela” comprométense a colaborar activamente na execución do Programa de “Respiro Familiar”. O réxime de prestación deste Servizo será o seguinte:

–Para o acceso ó mesmo, as persoas discapacitadas deberán estar empadroadas en Vigo, ter unha idade comprendida entre os 3 e os 50 anos e realizar a achega económica correspondente.

–As estancias poderán ser como mínimo de 1 día e como máximo de 3, en fins de semana, agás casos excepcionais que se atenderán calquera día da semana ata un máximo de 4, previa autorización municipal.

–Cada persoa usuaria poderá gozar como máximo de 6 estanzas ó longo da duración do convenio anual.

–O número máximo de persoas usuarias por estanza será de 6, atendidos por dous profesionais que permitan garantir a prestación do servizo.

–Por excepción, o Concello poderá autorizar un mínimo de 4 estanzas/día cubertas nos fins de semana que se realice o servizo de “Respiro familiar”.

–Realizaranse actividades turísticas e culturais na cidade de Vigo.

TERCEIRA.- O programa levarase a cabo durante todo o ano 2017 ata esgotar o importe total da subvención. O Concello de Vigo comprométese a conceder directamente á entidade “Fundación Menela” unha subvención para o exercicio de 2017 por importe de 8.000€ prevista nominativamente nos seus Orzamentos (aplicación nº 2310.489.00.09).

CUARTA.- Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

- Un 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 15 de novembro de 2017, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Este programa de “Respiro familiar” é cofinanciado pola Concellería de Política Social os beneficiarios do mesmo. O custo da estancia por usuario e día ascende a 167,92€, incluíndo: aloxamento, manutención en réxime de pensión completa en cuartos dobres ou individuais e retribución a monitores.

A achega do usuario do servizo será do 20,85% da estancia (35,00€ persoa/día) e a achega municipal do 79,15% (132,92€ persoa/día).

Os gastos individuais nas saídas de socialización correrán por conta da persoa usuaria (cafetería, compras...).

SEXTA.- Para a participación no Programa, as solicitudes debidamente cumprimentadas, coa súa documentación, presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Vigo, cunha antelación mínima de 15 días. A documentación que deberán achegar será a seguinte:

1. Ficha de datos persoais.
2. Ficha de coñecemento.
3. Ficha médica – autorización.
4. Autorización para a cesión de imaxes.

No caso de que as solicitudes superen o número de estanzas permitidas para a fin de semana, a selección farase por “renta per cápita”, tendo preferencia as de menor contía, agás as que a traballadora social considere como urxencias, que terán prioridade sobre as



demais. Para estes efectos, considérase que existe unha urxencia cando se solicita o servizo por enfermidade grave ou hospitalización do coidador principal da persoa con discapacidade, ou situación análoga. Nos casos urxentes a estanza poderase prorrogar ata un máximo de 4 días.

A mes vencido, a “Fundación Menela” enviará ó Concello de Vigo unha relación das persoas usuarias na que se farán constar os datos de identificación, tipo de discapacidade, porcentaxe de minusvalía, data, hora de entrada e saída no programa e importe de cada usuario/a.

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política Social do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da “Fundación Menela” e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A “Fundación Menela” comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- A “Fundación Menela” poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais

vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria deberá xustificar antes do 15 de novembro de 2017 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
  - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
  - Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
  - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
  - Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación

(RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- A “Fundación Menela” queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

### **3(323).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE A PORTA DO SOL E ABELEIRA MÉNENDEZ (FASE II). EXPTE. 4095/440.**

Dáse conta da proposta de data 7/04/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### *10.- Propostas de clasificación*

*b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)" (4.095-440)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo o informe asinado pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 31 de marzo de 2017:*

- 1. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.*
- 2. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de*

*“Mellora da accesibilidade peonil entre a Porta do Sol e Abeleira Menéndez (fase II)” na seguinte orde descendente:*

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	94,15
2	EXTRACO, S.A.	92,62
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	92,31
4	ORECO, S.A.	91,09
5	MISTURAS, S.A.	91,04
6	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,17
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,52
8	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	89,06
9	COPCISA, S.A.	86,67
10	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	85,37
11	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	82,62
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	76,09

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.029,96 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **4(324).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BUEU. EXPTE. 4096/440.**

Dáse conta da proposta de data 7/04/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### *10.- Propostas de clasificación*

- c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu (4.096-440)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 23 de decembro de 2016, de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. e NAROM, S.L. por non dispor da solvencia técnica e económica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando no prazo concedido:

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Bueu na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	MISTURAS, S.A.	94,99
2	EXTRACO, S.A.	94,27
3	UTE NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. - MONCOSA OHS, S.A.	94,15
4	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	93,45
5	UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. - CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	93,08
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	92,56
7	ORESA, S.L.	92,16
8	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA)	92,07
9	UTE DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, S.L. - HIDROMIÑO, S.-L.U.	92,06
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. E CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.A.	92,02
11	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	91,97
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	91,73
13	UTE ACEVI, S.L. - ALVAC, S.A.	91,29
14	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	91,19
15	CONSTRUCCIONES OREGA, SL.	90,88
16	ORECO, S.A.	90,84
17	ELSAMEX, S.A.	89,37
18	UTE SIELVIGO, S.L. - MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	89,28
19	COPCISA, S.A.	88,76

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MISTURAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.000,60 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **5(325).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS TÉCNICOS DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA “XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES”. EXPTE. 15315/333.**

Dáse conta da proposta de data 7/04/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### *10.- Propostas de clasificación*

*a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (15.315-333)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” a SENES CIT, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado no prazo concedido.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” na seguinte orde descendente:*

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>1</i>	<i>MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L.</i>	<i>95,50</i>

2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	84,25
3	PABLO CASAL NUÑEZ.	34,76

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 943,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(326).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2017”. EXPTE. 18373/332.**

Dáse conta da proposta de data 7/04/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### *10.- Propostas de clasificación*

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” (18.373-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “VIGO EN INGLÉS 2017” na seguinte orde descendente:



Licitador		Puntuación
1	NEWLINK EDUCATION, S.L.	94,50

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEWLINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.037,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **7(327).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 4178/440.**

Visto o informe de fiscalización do 7/04/17, dáse conta do informe-proposta do 4/07/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 3 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de vestuario para o persoal municipal (4178-440)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado para a contratación do subministro de vestuario para o persoal municipal (4178-440).

## ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento negociado, do subministro de vestiario para o persoal municipal.

Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de marzo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440) na seguinte orde descendente:*

*- Lote 1 “Roupa de traballo/prendas de protección EPI”*

<i>Licitadores</i>		<i>Puntuación</i>
<i>1º</i>	<i>PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.</i>	<i>91,20 puntos</i>
<i>2º</i>	<i>COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L.</i>	<i>86,60 puntos</i>

*- Lote 2 “Uniformidade xeral”*

<i>Licitadores</i>		<i>Puntuación</i>
<i>1º</i>	<i>PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.</i>	<i>94,60 puntos</i>
<i>2º</i>	<i>COSTA OESTE DEL ATLÁNTICO, S.L.</i>	<i>93,00 puntos</i>

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (1 e 2), PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar en ambos os dous lotes, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. o día 23 de marzo de 2017, que presenta a documentación requirida o 29 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste contrato.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante, para os dous lotes, é a formulada por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., de acordo cos informes de valoración da oferta técnica e económica do 2 de febreiro e 10 de marzo de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., os lotes 1 e 2 do procedemento negociado para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4178-440) coas seguintes condicións:*

- O prezo total do lote 1 “Roupa de traballo/prendas de protección EPI” é de 27.109,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.709,90 euros, cos prezos unitarios sinalados na súa oferta.*
- O prezo do lote 2 “Uniformidade xeral” é de 21.186,65 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.677,02 euros, cos prezos unitarios sinalados na súa oferta.*
- Propón unha redución do prazo parcial para o proceso de tallado do persoal vinculado ao subministro do vestiario (10 días naturais) de 5 días naturais.*
- Propón unha redución do prazo parcial de entrega das prendas (10 días naturais) de 5 días naturais.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(328).- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO LICITADOR CLASIFICADO NO SEGUNDO LUGAR NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NOCTURNA E TRANSPORTE DE FONDOS NAS INSTALACIÓNS DE VIGOZOO. EXPTE. 7173/612.**

Dáse conta da proposta de data 12/04/17, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*15.- Incidencias*

*a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612)*

*Á vista da documentación presentada o 28 de febreiro de 2017 polo licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., do informe emitido pola Dirección Xeral da Policía (Unidade Territorial de Seguridade Privada do Ministerio do Interior) de data 16 de marzo de 2017 e das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta.*

*Segundo.- Iniciar os trámites pertinentes para proceder á devolución da garantía depositada por GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L. (por importe de 14.600,00 euros), así como o importe abonado en concepto de anuncios (1.804,39 euros).*

*Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en segundo lugar, UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno na sesión do 16 de febreiro de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que, segundo a cláusula 8 e o apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP, esíxese unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato; para tal efecto deberán presentar a documentación acreditativa da inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio do Interior ou Rexistro Autonómico onde teñan o seu domicilio como empresa autorizada para as actividades de vixilancia e transporte e distribución de efectivo (necesarias para a realización do obxecto deste contrato -apartado 2A do Anexo I -FEC-).*

4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*

*Cuarto.- Requirir á UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A. o aboamento de 1.804,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **9(329).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XXXVIII CROSS MOSTEIRO BEMBRIVE O DOMINGO 23 DE ABRIL DE 2017. EXPTE. 15744/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-prosta de data 13/04/17, asinado polo director deportivo, o secretario xeral do Pleno e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### **1.-ANTECEDENTES:**

*A entidade Anpa Bene Vivere, con CIF (G-36774768), solicitou o día 19-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160157320), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: XXXVIII CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE*
- *Data: 23 de abril de 2017*
- *Horario: 9.30 a 13.00h*
- *Horario de montaxe e desmontaxe: 9.00 a 13.15h.*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 23 de abril de 2017; a proba comezará ás 9.30h, dende o colexio Público Mosteiro Bembrive para seguir pola Estrada de Bembrive, rematando ás 13.00 no colexio.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.*

#### **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo*

339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Anpa Bene Vivere, con CIF (G-36774768), a organizar o vindeiro domingo 23 de abril de 2017, a proba deportiva denominada XXXVIII CROSS MOSTEIRO BEMBRIVE este cross comezará ás 9.30h e terá a súa saída dende o Colexio Público de Mosteiro Bembrive, para seguir pola Estrada de Bembrive e rematar ás 13.00h no Colexio.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(330).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA MARCHA CICLISTA POPULAR “BICIS NA PRIMAVERA” O DOMINGO 23 DE ABRIL DE 2017. EXPTE. 15855/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/04/17, asinado polo director deportivo, o secretario xeral do Pleno e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### Antecedentes:

A entidade Club Ciclista Vigués, con CIF (G-36650885), solicitou o día 23-03/2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170043749), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: BICIS NA PRIMAVERA
- Data: 23 de abril de 2017
- Horario:10.30 a 13.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivos que terá lugar o domingo 23 de abril de 2017; a proba comezará ás 10.30h, dende a Porta do Sol, para seguir pola rúa Policarpo Sanz, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Praza de Compostela, García Olloqui, Cánovas del Castillo, Beiramar, Coruña, López Mora, Camélias, Álvaro Cunqueiro, Camélias, Venezuela, Gran Vía, Lepanto, Alfonso XIII, García Barbón, Policarpo Sanz para rematar de novo na Porta del Sol.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Club Ciclista Vigués, con CIF (G-36650885), a organizar o vindeiro domingo 23 de abril de 2017, a proba deportiva denominada BICIS NA PRIMAVERA. Esta proba deportiva comezará ás 10.30h e terá a súa saída dende a Porta do Sol, para continuar por Policarpo Sanz, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Praza de Compostela, García Olloqui, Cánovas del Castillo, Beiramar, Coruña, López Mora, Camelias, Álvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela, Gran Vía, Lepanto, Alfonso XIII, García Barbón, Policarpo Sanz e rematar de novo na Porta del Sol.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **11(331).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROBA DEPORTIVA “XI HAPPYGORUNNING” O DOMINGO 23 DE ABRIL DE 2017. EXPTE. 15745/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 13/04/17, asinado polo director deportivo, o secretario xeral do Pleno e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

### 1.- ANTECEDENTES:

*A Universidade de Vigo (Club deportivo), con CIF (Q-8650002B), solicitou o día 18-11-2016, a través do Rexistro Municipal (Doc.160157142), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: XI HAPPYGORUNNING*
- *Data: 23 de abril de 2017*

- *Horario: 11.00h a 12.30h*
- *Horario de montaxe e desmontaxe: 8.00 a 13.30h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 23 de abril de 2017. Haberá dúas probas a primeira será unha andaina que comezará ás 9.30h e transcurirá polo interior do Campus Universitario Lagoas-Marcosende e a proba seguinte será a carreira HAPPYGORUNNING que comezará ás 11.00h e terá súa saída desde o contorno da Piscina Universitaria para seguir polo Campus e a estrada das Prantas para rematar no Campus Lagoas Marcosende*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.*

## **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

*A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

## **3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar á Universidade de Vigo (Club deportivo), con CIF (Q-8650002B), a organizar o vindeiro domingo 23 de abril de 2017, a proba deportiva denominada XI HAPPYGORUNNING, esta proba deportiva comezará ás 11.00h e terá a súa saída dende o contorno da Piscina Universitaria para seguir polo Campus e a estrada das Plantas, a carreira rematará no Campus Lagoas Marcosende.*

## **Acordo**

*A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.*

**12(332).- BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES “RUNRUNVIGO 2017” E DOTACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA OS PARTICIPANTES. EXPTE. 15923/333.**



Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21/03/17 e o informe de fiscalización do 4/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 19/04/17, asinado polo director deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

*Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 15923/333 sobre a proposta de aprobación das Bases reguladoras do programa municipal circuío de carreiras populares runrunvigo 2017, e atendendo a que durante a tramitación administrativa do expediente conducente á aprobación do mesmo detectouse un erro material relacionado co ano de celebración da gala de entrega de premios, procedeuse a modificar dita data na proposta, quedando a mesma reformulada como segue:*

### **I.- Antecedentes:**

*A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuío de carreiras populares da Cidade de Vigo "RunRunVigo". Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.*

*Este programa ten entre os seus fins fundamentais dar un novo pulo ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, da un xiro ó circuío de carreiras populares na súa edición do ano 2017.*

*No ano 2017, o proxecto cumpre a súa oitava edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.*

*O programa RunRunVigo, que se desenvolve na da cidade de Vigo, está configurado por 9 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano 2017 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.*

<b>PROBA</b>	<b>DATA (*)</b>	<b>Distancia</b>
XVII Medio Maratón Vig Bay	02/04/17	21.097 m.
X 10 Km. Cidade Universitaria de Vigo	23/04/17	10.000 m.
V Carreira da Cereixa	28/05/17	10.000 m.
V Carreira Nocturna Correndo por Vigo	10/06/17	10.000 m.
XXXIII Carreira Nocturna de San Xoán	23/06/17	8.600 m.
VII 10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés	10/09/17	10.000 m.
X Vigo+11	Outubro	10.000 m.
Vigo Contra el Cáncer	Novembro	10.000 m.
XI Subida ao Castro	10/12/17	3.000 m.

*Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os*

participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuíto os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no “Circuíto RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuíto”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuíto.

Para a clasificación final das carreiras que integran o circuíto 2017, que remata no mes de decembro de 2017 coa celebración da Subida ó Castro, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 4.800,00 €.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €

En relación ás retencións obrigatorias por Lei, atenderase ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, tendo en conta o establecido no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a conta sobre as rentas seguintes: ....f) os premios.....cunha base de retención no sexa superior a 300€”.

## **II- Proposta de Bases Reguladoras do circuíto RUNRUNVIGO 2017:**

### **1.- CATEGORÍAS PARTICIPANTES:**

Femininas	Masculinas	Ano de nacemento
F-1	M-1	Entre 1978-1997 (ambos incluídos)
F-2	M-2	Entre 1968-1977 (ambos incluídos)
F-3	M-3	Entre 1958-1967 (ambos incluídos)
F-4	M-4	1957 ou anteriores

Os/As atletas quedarán inscritos a efectos de clasificación no circuíto por ano de nacemento.

O/A atleta que, a nivel federativo, por cuestións relacionadas coa súa data de nacemento, cambie de categoría en parte das probas, puntuará, a efectos do circuíto, na categoría

inicialmente inscrito.

Os/As atletas das categorías 2, 3 e 4 poderán competir na categoría 1 unicamente se o especifican á organización na primeira proba na que se inscriban.

## **2.- INSCRICIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL “CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES RUNRUNVIGO 2017”:**

- **Automática:** Os/as participantes inscritos/as en calquera das probas quedarán incluídos automaticamente no circuito RunRunVigo 2017 salvo petición contraria escrita dirixida polo/a atleta á organización do circuito.
- **Gratuíta:** A inscrición no circuito é gratuíta.
- **Independente:** A inscrición no circuito RunRunVigo 2017 é independente da que se realiza en cada unha das probas. Polo tanto, independentemente de estar inscritos no circuito, o/a atleta deberá formalizar a inscrición en cada unha das probas segundo as normas específicas de cada unha delas.
- **Clasificación de Club:** Haberá unha clasificación final por equipos.

### **–3.- INFORMACIÓN XERAL DO CIRCUITO RUNRUNVIGO 2017:**

–Dispoñíbel en [www.runrunvigo.com](http://www.runrunvigo.com), [www.vide.es](http://www.vide.es) e [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

–A listaxe coas puntuacións parciais da cada un dos e das participantes exporase na web do circuito [www.runrunvigo.com](http://www.runrunvigo.com) e na da Fundación VIDE ( [www.vide.es](http://www.vide.es) ).

### **3.- PUNTUACIÓNS DAS PROBAS:**

Os e as participantes no circuito irán conseguindo puntuacións en cada unha das probas, as cales irán sumándose. A puntuación sairá da clasificación particular por categoría dos inscritos no circuito segundo os tempos en cada proba do circuito.

<b>PUNTUACIÓNS POR PROBA</b>	
1º clasificado/a	500 puntos
2º clasificado/a	450 Puntos
3º clasificado/a	400 Puntos
4º clasificado/a	300 Puntos
5º clasificado/a	250 Puntos
6º clasificado/a	200 Puntos
7º clasificado/a	150 Puntos
8º clasificado/a	100 Puntos
9º clasificado/a	70 Puntos
10º clasificado/a	60 Puntos
11º-15º clasificado/a	50 Puntos
16º-20º clasificado/a	40 Puntos
21º-50º clasificado/a	30 Puntos
51º-150º clasificado/a	20 Puntos
151º-300 clasificado/a	10 Puntos
301º-600 clasificado/a	8 Puntos

<b>PUNTUACIONES POR PROBA</b>	
601º-900 clasificado/a	5 Puntos
901º-1200 clasificado/a	2 Puntos
>1200 clasificado/a	1 punto

#### **4.- CONTROL E XESTIÓN DE RESULTADOS:**

O Control e xestión dos resultados das probas estará centralizado a través dunha plataforma única, *championchipnorte.com*. O Concello de Vigo, actualizará as clasificacións cos datos aportados por cada unha das probas, e publicará a clasificación.

O Concello de Vigo non se fai responsable dos posibles erros nas clasificacións remitidas por cada un dos organizadores das probas.

#### **5.- PREMIOS FINAIS POR CATEGORÍAS:**

5.1.- Os premios en metálico ós/ás gañadores/as do circuíto outórganse con independencia dos que cada unha das probas entrega ós mesmos.

<b>Categorías*</b>	<b>1º Clasificado/a</b>	<b>2º Clasificado/a</b>	<b>3º Clasificado/a</b>
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €

*\*Para ter dereito ó premio metálico, o/a atleta deberá ter rematadas como mínimo 6 probas, e a categoría deberá contar cun mínimo de 5 atletas inscritos/as que remataran polo menos 6 probas. Nas categorías F-3 e F-4, as atletas deberán ter rematado polo menos 5 probas, aínda que non haberá participación mínima esixida para optar ós premios en metálico. A estes importes aplicaranse as retencións obrigatorias por lei.*

- *Criterios de desempate: En caso de empate, utilizaranse os seguintes criterios no orde que se detalla en caso de persistir o empate:*
  - *1º criterio: Nº de probas disputadas ó final do circuíto.*
  - *2º criterio: Nº de probas gañadas.*
  - *3º criterio: Mellor posto na derradeira carreira do circuíto.*
- *Galardóns para campións e campioas do circuíto RunRunVigo 2017: ó remate do circuíto, farase entrega nun acto de clausura do campionato dos premios correspondentes ós gañadores e as gañadoras do Circuíto RunRunVigo 2017 en cada unha das categorías.*

#### **5.2.- PREMIO MELLOR CLUBE CIRCUÍTO RUNRUNVIGO 2017:**

A organización outorgará o trofeo ó mellor club do circuíto 2017. Na clasificación de

entidades, irán computando os puntos que consigan todos os atletas de cada un dos clubs.

#### **6.- RECLAMACIÓN:**

Os participantes no circuío terán 5 días naturais desde a publicación da clasificación de cada unha das probas para remitir por escrito calquera reclamación á dirección de correo electrónico: [vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)

#### **III.- APLICACIÓN DOS PREMIOS EN METÁLICO.**

Coa finalización das probas do Circuío RunRunVigo 2017, será tramitado por parte da Concellería de Deportes o correspondente expediente para a aprobación dos premios en metálico vinculados ás Bases reguladoras do citado circuío, polo cal tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo a que a última proba do circuío ten como data de celebración o mes de decembro de 2017, se deberá ter en conta os prazos necesarios para pechar a clasificación final e as reclamacións que podan existir, polo cal a tramitación da aprobación dos premios en metálico para as diferentes categorías se desenvolverá de maneira previa a celebración do acto da gala do circuío no cal se fan entrega ditos premios, e a mesma ten prevista a súa celebración no mes de xaneiro de 2018.

Os premios en metálico previstos a través da presente proposta de bases reguladoras do circuío RUNRUNVIGO 2017, ao tratarse de premios deportivos concedidos segundo unha clasificación xeral de todos os participantes nas carreiras incluídas no circuío de carreiras RUNRUNVIGO 2017, non teñen directamente a consideración de subvencións, polo tanto, outorgaranse sen a previa solicitude dos interesados, consonte ao disposto no artigo 4 da LXS.

Para afrontar o gasto derivado do presente expediente, deberase imputar o mesmo ao capítulo IV do orzamento, polo cal, tendo en conta que a proposta do gasto derivada do correspondente expediente, no cal se propoñen os gañadores do circuío de carreiras RUNRUNVIGO 2017, será desenvolto no mes de xaneiro do ano 2018, a proposta de autorización do gasto será sobre a aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento do ano 2018.

#### **IV.- PROPOSTA:**

Tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar as bases reguladoras do Circuío RunRunVigo 2017.

Segundo: Autorizar o gasto polo importe de 4.800,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do "RunRunVigo 2017", a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, do orzamento do ano 2018.

Terceiro: *Proceder a publicación das bases Regulatoras do Circuito RunRunVigo 2017, no entorno WEB [www.runrunvigo.vigo.org](http://www.runrunvigo.vigo.org), e [www.vigo.org](http://www.vigo.org),*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(333).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARBALLAL – A BANDEIRA. FASE I. EXPTE. 15342/333**

Visto o informe de fiscalización do 11/04/17, dáse conta do informe-proposta do 4/04/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de abril de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### *11.- Propostas de adxudicación*

*b) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol de Carballal – A Bandeira. Fase I (15.342-333)*

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- *Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*
- *Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- *Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol de Carballal – A Bandeira. Fase I (15.342-333)*

#### **ANTECEDENTES**

*Primeiro.- Con data do 21 de novembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, das obras de reforma do campo de fútbol de Carballal – A Bandeira. Fase I (15.342-333).*

*Segundo.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de marzo de 2017, adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2017, do licitador COVIASSTEC, S.L. por non dispor dunha das dúas clasificacións obrigatorias esixidas na cláusula 8.4.3º e no apartado 6A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (grupo I - subgrupo 9 - categoría 1).*

Segundo.- Excluir deste procedemento á UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. e MANUEL NOVOA CASTRO, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, segundo consta no informe emitido polo director deportivo – xefe da Unidade Técnica do 20 de febreiro de 2017, e non ter presentado xustificación ningunha durante o prazo concedido.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal – A Bandeira. Fase I (15.342-333) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA	99,79
2	ORECO, S.A.	99,40
3	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	98,56
4	GPD CONSTRUCCIONES, S.A.	98,47
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	98,21
6	UTE SIELVIGO, S.L. - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	97,06
7	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	96,48
8	UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. - CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A.	95,41
9	UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. - SANSIGA, S.L.	92,43
10	ALVAC, S.A.	90,85
11	UTE OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. - CONSTRUCCIONES GLESA, S.A.	89,32
12	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	73,08
13	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	71,84

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.046,98 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA, o día 23 de marzo de 2017, que presenta a documentación requirida o 3 de abril de 2017, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de abril de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordOU, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 de febreiro e 14 de marzo de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, SA, o procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal – A Bandeira. Fase I (15.342-333) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 534.344,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 92.737,39 euros.
- b) Propón un incremento do prazo de garantía de 48 meses (total 60 meses).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**14(334).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE EDUCACIÓN NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2017. EXPTE. 18809/332.**

Dáse conta da proposta de data 5/04/17 asinada pola xefa do Servizo de Educación e a concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

*En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2017, a concelleira-delegada de Educación, D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez, da conta á Xunta de goberno Local dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Educación no primeiro trimestre de 2017, e que son os que deseguido se relacionan.*

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE
18523-332	OBRAS DE MANTEMENTO EN RECINTOS ESCOLARES	20-01-2017	50.000.-
18524-332	PEQUENAS OBRAS NOS EDICIOS ESCOLARES E NAS ESCOLAS MUNICIPAIS	20-01-2017	50.000.-
18525-332	ADQUISICIÓN DE MATERIAL NON INVENTARIABLE	27-01-2017	1.500.-
18527-332	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	21-01-2017	1.000.-
18528-332	SUBMINISTRO DE GASÓLEO A CENTROS EDUCATIVOS E ESCOLAS MUNICIPAIS	21-01-2017	20.000.-
18529-332	ADQUISICIÓN DE LIBROS	20-01-2017	10.000.-
18530-332	ACOMPAÑAMENTO DE ESCOLARES A ACTIVIDADES (MONITORAXE)	20-01-2017	5.000.-
18531-332	PAGO DE OUTROS SUBMINISTROS	20-01-2017	600.-
18532-332	PUBLICIDADE DO SERVIZO DE EDUCACIÓN	20-01-2017	5.000.-
18533-332	REPARACIÓNS DE MAQUINARIA	20-01-2017	7.500.-
18534-332	PEQUENAS OBRAS DE MANTENEMENTO ELÉCTRICO NOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS	01-02-2017	30.000.-
18535-332	TRANSPORTE DE ESCOLARES	20-01-2017	6.000.-
18536-332	TRANSPORTES DE MERCADURÍAS	20-01-2017	1.500.-
18537-332	XESTIÓN DE ENTULLOS DAS OBRAS DESENVOLTAS NOS COLEXIOS PÚBLICOS	20-01-2017	18.000.-
18541-332	TRABALLOS DE DINAMIZACION PARA O FUNCIONAMIENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV)	25/01/2017	14.269,80.-
18542-332	PROGRAMA EDUCATIVO "COÑECE O TEU CONCELLO 2017"	25/01/2017	15.548,50.-
18543-332	MANTEMENTO ANUAL DE SISTEMAS DE DETENCIÓN DE INCENDIOS EN CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS	01-02-2017	3.388.-
18544-332	MANTEMENTO ANUAL SISTEMAS DE ALARMA DE ROBO EN CENTROS EDUCATIVOS	24-01-2017	9.377,50.-
18548-332	MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DOS COLEXIOS PÚBLICOS	26-01-2017	9.350,73.-
18566-332	MANTEMENTO ANUAL SISTEMAS DE ALARMA DE ROUBO EN CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS	01-02-2017	7.877,10.-
18567-332	CONTRATO ANUAL DE CUSTODIA DE CHAVES E SERVIZO DE ACUDA DOS COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO	01-02-2017	15.884,88.-

EXPTES.	SERVIZO EDUCACIÓN	DATA	IMPORTE
18583-332	CONTRATO PARA ELECTRIFICACIÓN DE POSTOS DE ESTUDO NA SALA DE ESTUDOS AVDA. BEIRAMAR	07-02-2017	8.293,46.-
18626-332	SERV. MANTEMENTO ASCENSORES R/S.VICENTE ESQ. MENDEZ NUÑEZ	17-03-2017	2.239,50.-
18663-332	PROGRAMA EDUCATIVO PARA ESCOLARES "VIGOHISTORIA 2017"	09/03/2017	17.363,50.-
18666-332	TRATAMENTO ANUAL OBRIGATORIO CONTRA A LEXIONELA NAS INSTALACIÓNS DE ACS NOS CENTROS ESCOLARES ANO 2017	17-03-2017	14.399.-
18691-332	TRABALLOS TÉCNICOS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO DAS FERRAMENTAS WEB E ON LINE DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DURANTE O ANO 2017	24-03-2017	3.811,50.-

EXPTES	ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS	DATA	IMPORTE
196-613	MANTEMENTO INFORMÁTICO DA EMAO	26-01-2017	1.980.-
197-613	ADQUISICIÓN OUTROS SUBMINISTROS DA EMAO	20-01-2017	1.300.-
198-613	MATERIAL DE OFICINA DA EMAO	20-01-2017	1.000.-
199-613	PUBLICACIÓNS, SUBSCRICIÓNS E REVISTAS BIBLIOTECA EMAO 201	26-01-2017	6.000.-
200-613	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA DA EMAO	20-01-2017	3.000.-
201-613	MATERIAL AULAS E TALLERES DA EMAO	20-01-2017	10.000.-
202-613	REPARACIÓNS VARIAS EDIFICIOS EMAO	26-01-2017	7.000.-
203-613	GASTOS DE TRANSPORTE E MENSAXERÍA DA EMAO	09-02-2017	1.300.-
204-613	REPARACIÓN DE MOBILIARIO DA EMAO	21-01-2017	300.-
205-613	REPARACIÓN MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE EMAO	20-01-2017	7.000.-
206-613	PRODUCCIÓN SALA EXPOSICIÓNS DA EMAO	24-01-2017	10.000.-
207-613	MANTEMENTO DE ASCENSORES DA EMAO (SCHINDLER)	01-02-2017	2.767,83
210-613	MANTEMENTO DE ASCENSOR EMAO ( ENOR)	14-02-2017	1.547,25.-
214-613	MANTEMENTO DE SISTEMAS DE INTRUSIÓN E CONTRAINCENDIOS (TECHCO SEGURIDAD SL)	07-03-2017	3.200,72.-
227-613	MANTEMENTO APLICATIVO DE XESTIÓN DO ALUMNADO	17-03-2017	1.270,50.-
114-613	SERVIZOS PARA SEMINARIO SOBRE A ESTÉTICA APLICADA ÁS ARTES VISUAIS E LITERARIAS	03-02-2017	1.020.-

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

**15(335).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POLO SERVIZO DE LIMPEZA NOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS INFANTÍS DURANTE O MES DE MARZO DE 2017. EXPTE. 18819/332.**

Visto o informe de fiscalización do 7/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 5/04/17, asinado pola xefa do Servizo de Educación e a concelleira-delegada de dito servizo, que di o seguinte:

FEITOS:

A Xunta de Goberno Local en data 23/11/2010 acordou adxudicar á Mercantil Limpiezas del Noroeste S.A. polo procedemento aberto o contrato do servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo por un período de 4 anos, coa posibilidade de prórrogas por un máximo de 2 anos. O contrato foi prorrogado en datas 31/10/2014 e 20/11/2015, rematando o prazo do contrato o 31 de decembro de 2016.

En data 11/04/2016 a Xunta de Goberno Local acordou autorizar a cesión do contrato adxudicado a “Limpiezas del Noroeste S.A.U.” por resolución da Xunta de Goberno Local de 23/11/2010, a favor da mercantil “MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.”

Mediante resolución de data 05/08/2016 o Concelleiro-Delegado da Área de Fomento dispón iniciar os trámites administrativos para a contratación do servizo de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do Concello de Vigo.

En data 21.10.2016 a Xunta de Goberno Local acordou:  
“Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a prestación dos SERVICIOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Xefe do Servizo de Limpeza e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da área de Fomento de data 20 de setembro de 2016.

Terceiro: Aprobar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 10 de outubro de 2016.

Cuarto: Comprometer o gasto por un importe máximo de 10.115.977,71 € sen IVE, e un importe correspondente ao IVE (21%) de 2.124.355,32 € o cal totaliza un importe de 12.240.333,02 € con IVE (21%). Dito gasto ten a condición de gasto anticipado, xa que o inicio do contrato esta previsto para o 1 de xaneiro de 2017, polo cal para o seu financiamento comprometeranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 3230.227.00.00 “limpeza colexios”, e de acordo coa seguinte distribución orzamentaria por anualidades:

2017 3.060.083,26 €

2018 3.060.083,26 €

2019 3.060.083,26 €

2020 3.060.083,26 €

TOTAL: 12.240.333,02 €

O valor estimado do contrato estipulouse en 17.197.162,10 €

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Contra o acordo de aprobación do prego de condicións administrativas do contrato interpuxose recurso especial en materia de contratación, que foi desestimado por resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en data 13 de xaneiro de 2017.

A empresa "Mantelnor Limpiezas SLU" acepta continuar a prestación do servizo de limpeza que ven prestando nos centros nas mesmas condicións nas que se ven prestando o que comunica ao Servizo de Educación mediante correo electrónico en data 28-12-2016.

A concelleira-delegada de Educación en data 28 de decembro de 2016 a fin de evitar un grave trastorno para o servizo público, en aplicación analóxica do artigo 35.3 do Real decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e en virtude das competencias atribuídas na resolución da Alcaldía de delegación de competencias de 19 de xuño de 2015, resolve, dispoñer a continuación dos efectos do contrato do servizo de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do Concello de Vigo, baixo as mesmas cláusulas contractuais ao ter aceptado a empresa continuar prestando o servizo, e elo única e exclusivamente polo tempo imprescindible, co fin de evitar un grave trastorno ao servizo público de educación obrigatoria.

A Xunta de Goberno Local en data 3 de febreiro de 2017 adxudicou a entidade "Mantelnor Limpiezas S.L" o contrato de servizos de limpeza dos colexios públicos e das escolas municipais dependentes do Concello de Vigo.

Contra o citado acordo da Xunta de Goberno Local de adxudicación do contrato a entidade mercantil "Sociedad para el tratamiento de aguas residuales, S.L." (STAR,S.L.) interpuxo en data 24/02/2017 recurso especial en materia de contratación que está pendente de resolución polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales

A empresa MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U. presentou no Servizo de Educación factura polo servizo de limpeza dos centros educativos públicos, durante o mes de marzo de 2017, por importe de 280.384,95 euros.

Examinada a factura número 0036 de "Mantelnor Limpiezas S.L.U" con CIF B-15857220 de data 31-03-2017, o servizo foi efectivamente realizado nos colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo durante o mes de marzo e o prezo do mesmo correspondese co prezo establecido no contrato do servizo de limpeza de colexios públicos e escolas municipais do Concello de Vigo adxudicado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de novembro de 2010.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local reflicte as materias respecto das que "en todo caso" os concellos exercerán competencias propias no artigo 25.2. da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, contemplando en materia de Educación:

*n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

*A limpeza dos colexios públicos é un servizo obrigatorio para os concellos por canto os centros escolares non poden funcionar sen as debidas condicións de hixiene e salubridade atopándonos neste momento en pleno desenvolvemento do curso escolar.*

As actuacións levadas a cabo polo Concello en canto a non suspender o servizo de limpeza aos centros comprometeron un gasto obrigatorio con irregularidades procedimentais que non implican falta de crédito adecuado e suficiente, nin ausencia total do procedemento o que conleva a súa anulabilidade.

A prestación do servizo foi realizada a satisfacción do Concello polo que existindo crédito adecuado e suficiente, tratándose dunha actuación anulable procedería a convalidación das ditas actuacións e o pago dunha indemnización substitutiva a favor de "MANTELNOR LIMPIEZAS S.L.U.", polo servizo de limpeza colexios públicos e escolas municipais, e isto a fin de evitar un enriquecemento inxustificado desta a Administración Municipal. De conformidade coa base 28 das Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2017, segundo a cal "Os expedientes de gasto que non sexan obxecto da correspondente tramitación, autorización e fiscalización, e consecuentemente o recoñecemento das débedas a que dean orixe, e incluso débedas adquiridas fóra de calquera procedemento, así como as nacidas fora do orzamento serán obxecto de indemnización substitutiva e recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno da Corporación se non existise crédito adecuado e suficiente, e pola Xunta de Goberno Local, ou xuntas Reitoras dos OO.AA. nos demais casos."

Tendo en conta as obrigas derivadas das propias competencias municipais, e de acordo co punto número 2, do apartado XIV en relacións a Área de Educación, recollido no decreto de delegacións de competencias asinado polo Alcalde de Vigo con data 19 de xuño de 2015, correspóndelle a Área de Educación, entre outras cuestións; *"planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservacións, mantemento, vixianza, limpeza, abastecemento de auga, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e especial propiedade do municipio"*.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición de gasto polo servizo de limpeza nos colexios públicos e escolas infantís municipais por importe de 280.384,95 euros durante o curso escolar 2016-2017 correspondente ao mes de marzo 2017.

Segundo.- De conformidade coa Base 28 das de execución orzamentaria para o ano 2017 recoñecer e liquidar as obrigas municipais para con "Mantelnor Limpiezas S.L.U.", como consecuencia do servizo de limpeza efectuado, e aprobar a indemnización substitutiva a favor de dita entidade por un importe total de 280.384,95 euros.

Terceiro.- Ordenar o pago a favor de "Mantelnor Limpiezas S.L.U.", polo devandito importe de 280.384,95 euros con cargo a partida presupostaria 3230 2270000.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(336).- BASES REGULADORAS, CONVOCATORIA E EXTRACTO, DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017. EXPTE. 13824/77.**

Visto o informe xurídico do 28/02/17 e o informe de fiscalización do 17/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 6/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Emprego, e o concelleiro-delegado de dito servizo, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos dando continuidade a súa actividade de fomento, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, desenvolve o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, co obxecto de reforzar as axudas que convocan anualmente outras administracións cara ao emprendemento.

En canto a competencia para actividade de fomento de emprego, que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, a Comunidade Autónoma de Galicia, que ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordo co artigo 27.2 do Estatuto, aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indicando na súa exposición de motivos que o eixe fundamental da lei debe seguir sendo o artigo 2.1 da Lei 7/1982, do 2 de abril (LBRL), que na súa redacción actual derivada da reforma da Lei 27/2013, continúa facendo referencia a que para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e, como engade agora a reforma, con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade coa Sentenza do Tribunal Constitucional 214/1989, do 21 de decembro, que expresa que a función constitucional encomendada ao lexislador estatal é a de garantir os mínimos competenciais que dotan de contido e efectividade á garantía da autonomía local, xa que non se descende á fixación detallada de tales competencias, pois o propio Estado non dispón de todas elas. Por iso é polo que esa ulterior operación quede deferida ao lexislador competente por razón da materia.

A mencionada Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, establece no seu artigo 3.3, apartado b), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se

veñen formalizando en exercicios anteriores en Desenvolvemento Local e Emprego, e na disposición adicional primeira que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio; neste sentido compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Nas presentes Bases reguladoras e convocatoria para o ano 2017, os beneficiarios destas axudas serán os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, constituídas no período comprendido entre o 1 de abril de 2016 e o 31 de marzo de 2017 que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria que se achegan no expediente.

Nesta convocatoria, en xeral, actualízanse datos e adáptanse algúns dos textos para clarificar o seu contido e/ou dar resposta á normativa de aplicación respecto ás convocatorias que lle preceden e coa finalidade de facilitar os trámites necesarios para a presentación da solicitude.

Non obstante, cabe sinalar que na Base 1.3. Requisitos o punto 3 redáctase de xeito que aclare a porcentaxe mínima de promotores que creen o seu posto de traballo no caso de ser varias persoas emprendedoras. Ao remate desta base 1.3 engádese o parágrafo *“En todo caso, o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego comprobará de oficio que as empresas solicitantes destas axudas están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Vigo.”*

Na Base 1.5 no relativo ás facturas a aportar engádese a necesidade de *“...cumprir cos requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que régúlase as obrigas de facturación, tal e como se recolle na base 5ª”*.

Na Base 1.6 relativa aos criterios de avaliación repártese o seu contido en dous subapartados para facilitar a súa comprensión. No subapartado relativo aos criterios de baremación das solicitudes vólvese a ter en conta a situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral. Non obstante, modifícanse algunhas das puntuacións do baremo ao distinguir entre ILE e PEIM e incrementar a puntuación relativa ao número de postos de traballo creados.

No subapartado relativo aos criterios para o outorgamento das axudas segundo o baremo redáctase o contido de desempate na puntuación de baremo de xeito que facilite a súa comprensión e engádese un novo criterio de desempate.

Na Base 1.7 relativa a alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas adáptase o contido ao abeiro da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O máis significativo na Base 4.2 a eliminación de dous anexos das convocatorias anteriores ao engadir o seu contido nos outros anexos. Ademais de engadir o parágrafo “*A xustificación do pagamento dos gastos obxecto da subvención deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o emisor e o receptor do pagamento*”.

Na Base 6.3 relativa á publicidade do financiamento público establécese o período no que se deberá manter exposto o cartel informativo da subvención recibida.

Finalmente, adaptouse o contido en aplicación da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas conforme ás observacións formuladas en informes de fiscalización doutras convocatorias e tras consulta realizada ao Secretario de Administración Municipal.

Con posterioridade o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego tras unha nova revisión das bases reguladoras modifica a redacción do punto 3 do apartado 1.3. *Requisitos* ante a dificultade da súa interpretación, ao remate desta base 1.3 engádese o parágrafo “*En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios aos departamentos administrativos responsables*” ; no apartado 3.1 *Instrución e tramitación das axudas* complétase o contido do procedemento de instrución e tramitación das axudas no relativo á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións ao igual que se fai esta referencia na base 5ª. *Concesión das axudas e tramitación do pagamento* e no apartado 4.2 *Documentación* se inclúe a necesidade de acreditar a situación tributaria e coa Seguridade Social das empresas solicitantes ao abeiro do artigo 28.3 da Lei 39/2015, tal e como se esixe no apartado 1.3 *Requisitos* e que tamén se inclúe nos anexos correspondentes.

Para a convocatoria 2017 deste programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas destínase un montante total de 65.000€, da partida orzamentaria 2410 470 0001 "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento do 2017.

A obrigada regulamentación para a concesión das citadas axudas pasa pola aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

Por todo o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos, solicítase da Xunta de Goberno Local, previo informe do Secretario de Administración Municipal e da Intervención Xeral respecto do crédito necesario para asumir o gasto, a adopción da seguinte proposta de acordo:

- 1. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017, que se achegan no expediente.*
- 2. Aprobar o gasto por importe total de 65.000,00 € (sesenta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 470 0001 "Axudas á creación de empresas" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2017.*
- 3. Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Creación de Empresas" en:*



*A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.*

*As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **BASES REGULADORAS PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017**

### **Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

- 1.1. Finalidade
- 1.2. Beneficiarios/as
- 1.3. Requisitos
- 1.4. Obrigas
- 1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables
- 1.6. Criterios de avaliación
- 1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas

### **Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES**

### **Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN**

- 3.1. Instrución e tramitación das axudas
- 3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

### **Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

- 4.1. Solicitudes
- 4.2. Documentación
- 4.3. Prazo de presentación

### **Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO**

### **Base 6ª. PUBLICIDADE**

- 6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras das axudas
- 6.2. Publicidade das subvencións outorgadas
- 6.3. Publicidade do financiamento público

### **Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

### **Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

### **Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

### **Base 10ª. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL**

## **ANEXOS**

ANEXO I.	Solicitud.
ANEXO II.	Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.
ANEXO III.	Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación.
ANEXO IV.	Declaración xurada doutras axudas e de axudas en réxime de minimis.
ANEXO V.	Memoria xustificativa do proxecto empresarial.
ANEXO VI.	Relación de facturas presentadas.
ANEXO VII.	Autorización para solicitar información do padrón municipal.
ANEXO VIII.	Declaración xurada de que as facturas presentadas son orixinais.
ANEXO IX.	Declaración xurada do perceptor.

## **Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

### **1.1. Finalidade**

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión para o ano 2017 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Empresas, no ámbito do Concello de Vigo, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

### **1.2. Beneficiarios/as**

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial no municipio entre o **1 de abril de 2016** e o **31 de marzo de 2017** (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.) que teñan viabilidade técnica, económica e financeira e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos. Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

### **1.3. Requisitos**

- Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.
- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os traspasos de negocios.
- Que o/a promotor/a cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras é preciso que, como mínimo, o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas en situación de desemprego.
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo, nin a empresa nin os/as promotores/as. No caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirse á sociedade. Deberase acreditar polo procedemento establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade. Entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE). Este requisito non será de aplicación cando a actividade empresarial anteriormente desenvolvida fose realizada por persoas traballadoras autónomas colaboradoras ou por persoas promotoras non traballadoras na empresa cunha porcentaxe de participación igual ou inferior ao 10% do capital social da empresa.

- Que ningún do/s promotor/es houberse recibido a subvención do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.
- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (nin a empresa nin os/as promotores/as).

O solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios aos departamentos administrativos responsables.

#### 1.4. Obrigas

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán **obrigas da empresa beneficiaria**:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta na solicitude e no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o que deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

#### 1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. **O importe máximo destas axudas será de 3.000€** por empresa beneficiaria e **non poderá superar o 50% dos gastos efectuados** durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos/as promotores/as.

Os **gastos** que poderán ser **subvencionables corresponderán aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade**, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido desde os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

##### Gastos subvencionables:

##### a) Gastos de constitución e apertura

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1. visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2. Comunicación previa de inicio de actividade, Comunicación previa de obra e Comunicación previa de Cambio de titularidade
- a3. alta no Rexistro Mercantil
- a4. certificación negativa do nome da sociedade
- a5. honorarios de notarías por escrituras públicas
- a6. publicación no BORME
- a7. Modelo 600 da Xunta de Galicia de constitución da empresa.

#### **b) Existencias iniciais de mercadorías.**

Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción ou servizo.

#### **c) Gastos de aluguer:**

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa:

- c1. local
- c2. vehículo industrial
- c3. aplicacións e equipos informáticos.

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo do contrato de arrendamento para o que se solicita subvención.

#### **d) Primas de seguros**

Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

Para os casos de pago anual considerarase a contía proporcional dos meses aos que proceda a subvención.

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo de cada unha das pólizas concertadas para as que se solicita subvención.

#### **e) Subministracións e gastos correntes**

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1. auga
- e2. teléfono
- e3. electricidade
- e4. gasóleo / gasolina<sup>(1)</sup>
- e5. material de oficina
- e6. asesoría
- e7. gas
- e8. equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)<sup>(2)</sup>
- e9. gastos de difusión da actividade empresarial

<sup>(1)</sup> Sempre que sexa imprescindible na actividade a desenvolver.

<sup>(2)</sup> Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase documento acreditativo do contrato do servizo de seguridade subscrito para o que se solicita subvención.

## **f) Dereitos de propiedade industrial**

Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1. patentes
- f2. modelos de utilidade
- f3. deseño industrial
- f4. marcas de produtos ou servizos
- f5. nomes comerciais
- f6. dominio en Internet

**g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).** Será subvencionable o 50% do custo do dito imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e sempre que sexa imprescindible para a actividade a desenvolver (transportista, comercial,...).

Todos os gastos referidos poderán ser subvencionados sempre que as facturas estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa ademais de cumprir cos requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regúlase as obrigas de facturación, tal e como se recolle na base 5ª.

Todas as facturas deberán indicar o seu importe en euros ou, no seu defecto, presentar xunto coa factura xustificante de pagamento acreditativo do seu valor correspondente en euros.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

No caso de dúbida relativa a estes gastos será a Comisión de Valoración quen decida.

## **1.6. Criterios de avaliación**

### **1.6.1. Criterios de baremación das solicitudes**

A concesión das axudas realizarase a través da comparación das solicitudes presentadas e graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (ata 10 puntos).

Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE	4 puntos
Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de PEIM	6 puntos

2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite que as persoas promotoras autoempregadas sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoa desempregada de longa duración <sup>(1)</sup>
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos

- Muller
- Discapacitado/a<sup>(2)</sup>
- Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social <sup>(3)</sup>
- Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio<sup>(4)</sup>
- Persoa que forme unha familia monoparental <sup>(5)</sup>
- Persoa que forme unha familia numerosa <sup>(6)</sup>

Por cada condición que reúna cada unha das persoas promotoras autoempregadas	2 puntos
--	----------

3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 20 puntos).

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 puntos
---	----------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

4. Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa por un período mínimo de 3 meses estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos).

Por cada persoa, promotora autoempregada e/ou contratada por conta allea ou persoa autónoma colaboradora vinculada á empresa, empadroada no Concello de Vigo	2 puntos
--	----------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

Para acadar puntuación neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa	2 puntos
--	----------

<sup>(1)</sup> *Considéranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se a súa idade fose igual ou maior de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25 anos.*

<sup>(2)</sup> *A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental. A estes efectos, ten a condición de persoa con discapacidade aquela a quen se lle recoñece un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.*

<sup>(3)</sup> *Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:*

- a) *Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.*
- b) *Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.*
- c) *Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.*

- d) *Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.*
- e) *Ter unha discapacidade valorada superior ao 33 %.*
- f) *Ser inmigrante ou emigrante retornado.*
- g) *Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.*
- h) *Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.*
- i) *Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.*
- j) *Pertencer a unha minoría étnica.*
- k) *Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.*
- l) *Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.*
- m) *Calquera outro factor non previsto expresamente no artigo 3 da Lei 10/2013, sempre que, ponderado polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral.*

<sup>(4)</sup> *Acreditarase esta condición mediante a certificación do servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e a data de remate da súa percepción.*

<sup>(5)</sup> *Considerarase familia monoparental aquela que reúna as condicións da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia. A condición de familia monoparental acreditarase mediante o xustificante de empadramento conxunto que non será necesaria si presenta asinada a autorización do Anexo VI. No caso de familia monoparental empadroada noutro concello será necesario aportar o xustificante de empadramento conxunto do seu concello.*

<sup>(6)</sup> *Considerarase familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003 de 18 de novembro de protección das familias numerosas. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido ao efecto.*

### **1.6.2. Criterios para o outorgamento das axudas segundo o baremo**

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.5. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta os seguintes criterios de desempate na orde de prelación na que se relacionan:

- 1º. Puntuación máis alta no número de postos de traballo creados.
- 2º. Puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.
- 3º. Puntuación máis alta en relación ás persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa empadroadas no Concello de Vigo.

De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbese orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

### **1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas**

De ser o caso, previo ao outorgamento ou non da axuda deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude e que determinará a desestimación da axuda ou a modificación da resolución de concesión.

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados desde a data de resolución da concesión. A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos no prazo dun mes desde a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorrera un ano desde a data de resolución da concesión será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal apreciase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

## **Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.**

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.
- Segundo o Regulamento UE Núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013), cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de "minimis", por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscais, ou 100.000€ no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

## **Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN**

### **3.1. Instrución e tramitación das axudas**

➤ O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e a publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes e tramitarase en réxime de **concorrenza competitiva**: a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das



solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

➤ O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos será o encargado da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, proporalle a concesión e denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

➤ A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

### **3.2. Comisión de Valoración e Seguimento**

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguimento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos.
- Xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario.
- Un/Unha técnico/a do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

O persoal técnico do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión de valoración e seguimento poderá requirirle ás empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

## **Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

### **4.1. Solicitudes**

A solicitude deberase presentar necesariamente segundo o modelo normalizado **Anexo I no Rexistro Xeral** do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e dirixirse á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos.

### **4.2. Documentación**

As solicitudes deberanse presentar nos modelos normalizados que figuran como anexos destas bases reguladoras, e deberán ir acompañadas da documentación que se relaciona:

–Anexo I. Solicitude

- Anexo II. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos
- Anexo III. Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación
- Anexo IV. Declaración xurada doutras axudas e de axudas en réxime de minimis
- Anexo V. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.
- Acreditar polo procedemento establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo, nin a empresa nin os/as promotores/as. No caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirse á sociedade.
- Se o solicitante é persoa física copia do DNI ou NIE.
- Se o solicitante é persoa xurídica: NIF da empresa, DNI dos promotores, copia compulsada do documento de constitución da empresa e, de ser o caso, da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade (no caso de varios promotores só precisase o DNI do representante da empresa e dos promotores que se autoempreguen).
- Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
- Alta no réxime da Seguridade Social ou na mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- Vida laboral das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo e de todos os promotores cunha porcentaxe de participación superior ao 10% do capital social da empresa.
- Orixinal ou copia compulsada das facturas dos gastos para os que se solicita a subvención, xunto coa póliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso. No caso de licenzas deberá indicar a contía aboada. Computaranse as facturas sempre que estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa e cos importes en euros (no seu defecto, achegárase xustificante de pagamento acreditativo do seu valor en euros).
- Anexo VI. Relación de facturas presentadas, correspondentes aos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, apartado 1.5.
- Comunicación previa de inicio de actividade, Comunicación previa de obra ou Comunicación previa de Cambio de titularidade cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
- Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.

**Documentación a presentar para a avaliación** (punto 1.6 das bases):

- Certificado emitido polo concello de ILE/PEIM, declaración da súa obtención ou número de expediente da súa concesión.

- Orixinal ou copia compulsada dos certificados ou documentos que demostren a situación social das persoas promotoras autoempregadas segundo o apartado 1.6 Criterios de avaliación. Para avaliar o empadramento é necesario presentar o xustificante de empadramento ou o Anexo VII. Autorización para solicitar información do padrón municipal.

- No caso de contratación de persoal:

Persoal por conta allea:

1. Informe de Vida laboral completo das persoas traballadoras contratadas.
2. Copia compulsada do/s contrato/s de traballo, debidamente rexistrado/s no servizo Público de Emprego (SPEG).
3. Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII. Autorización para solicitar información do padrón municipal do persoal contratado.

Autónomo/a colaborador/a:

1. Informe de Vida laboral completa das persoas traballadoras contratadas.
2. Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras (no que figure a súa vinculación coa empresa).
3. Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII. Autorización para solicitar información do padrón municipal do persoal contratado.

- Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).
- Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.

**A xustificación do pagamento dos gastos obxecto da subvención deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o emisor e o receptor do pagamento.**

Toda a documentación achegada deberá estar en vigor e debidamente acreditada, así como os anexos deberán presentarse debidamente cubertos, con data, identificación da empresa e/ou da persoa solicitante e debidamente asinados. No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración quen decida.

Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PAC), no relativo ao dereito a non presentar documentos que obren en poder das administracións, sempre que se faga constar a data e órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, se é o caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa requirirase á empresa solicitante para que nun prazo improrrogable de dez días hábiles emende o erro ou aporte a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o facer, terase por desistida da súa solicitude previa resolución ditada nos termos previstos no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### **4.3. Prazo de presentación**

O **prazo de presentación** de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciarase **a partir do día seguinte á data de publicación** do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións

(BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións e **rematará o 7 de xullo de 2017**.

#### **Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO**

- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.
- O prazo para resolver será, como máximo, de cinco meses desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

Transcorrido o devandito prazo de cinco meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

**A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado** na solicitude, **no prazo de dez días** desde a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

As empresas adxudicatarias das axudas están obrigadas **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao **da súa notificación** a comunicar á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo anteriormente sinalado:

a) **Anexo VIII**. Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinais ou relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. A empresa beneficiaria poderá solicitar os datos necesarios para cubrir o dito anexo ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e presentarse asinado e con data actualizada.

b) **Facturas orixinais** polo importe total da subvención outorgada. As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbanse o Regulamento polo que regulan as obrigas de facturación, das que cabe destacar as seguintes:

5. Número e, no seu caso, serie.
6. Data da súa expedición
7. Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide factura e do destinatario das operacións.
8. Número de identificación fiscal do obrigado a expedir factura e do destinatario
9. Enderezo do obrigado a expedir a factura e do destinatario das operacións
10. Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións e calquera desconto ou rebaixa non incluído no prezo.
11. O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións
12. A cota tributaria que, no seu caso, repercuta, consignada por separado
13. Especificación, por separado, da parte de base impositiva correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, mediante un selo existente ao efecto no que se indicará a subvención para cuxa xustificación foron presentados e o importe exacto imputado á subvención.

c) **Anexo IV.** Declaración xurada doutras axudas e de axudas en réxime de minimis, actualizada.

d) **Anexo IX.** Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

14. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
15. Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
16. Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

e) **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de marzo de 2018.

O **prazo** para a **presentación** desta documentación será de **10 días a contar desde o día seguinte ao da notificación** da concesión da correspondente axuda.

Toda a documentación presentada deberá conter data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura do seu representante.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguimento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención durante o prazo de dous anos esixidos.

## **Base 6ª. PUBLICIDADE**

### **6.1. Publicidade da convocatoria e bases reguladoras das axudas**

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Estas bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

## **6.2. Publicidade das subvencións outorgadas**

A relación de todos os solicitantes e a resolución do outorgamento das axudas publicarase na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo e poderase notificar, de xeito individual, no correo electrónico indicado na solicitude.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A publicidade das axudas que se concedan ao amparo destas bases reguladoras e convocatoria estará suxeita aos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **6.3. Publicidade do financiamento público.**

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel** de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e deberá manterse exposto, cando menos, ata o 31 de marzo de 2018.

## **Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

## **Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

### **8.1. Perda do dereito ao cobro:**

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

### **8.2. Renuncia:**

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

### **8.3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:**

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular, a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

## **Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

## **Base 10ª. DISPOSICIÓN S ADICIONAIS**

### **Primeira**

As accións incluídas nesta convocatoria financiaráse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2017, cun importe total de 65.000€ (sesenta e cinco mil euros).

### **Segunda**

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumpriráse as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "minimis".

## **Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL**

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

## CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017

### **Primeiro. Obxecto**

O Concello de Vigo convoca subvencións para a concesión de axudas económicas ás empresas de nova creación constituídas legalmente como tales coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

### **Segundo. Beneficiarios**

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial no municipio entre o 1 de abril de 2016 e o 31 de marzo de 2017 que sexan viables técnica, económica e financeiramente e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras, entre os que cabe subliñar:

Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.

Que o/a promotor/a cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras, como mínimo o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas en situación de desemprego e, na mesma porcentaxe, como mínimo, crearán o seu posto de traballo.

Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coas administracións local, autonómica e estatal e coa Seguridade Social.

Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

### **Terceiro. Réxime da convocatoria.**

A convocatoria realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

### **Cuarto. Normativa e Bases reguladoras.**

Esta convocatoria réxese polas súas bases reguladoras, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

### **Quinto. Contía**

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 denominada "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2017, cun importe total de 65.000€ (sesenta e cinco mil euros).

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe



máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados nin exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correspondentes aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

- a) Gastos de constitución e apertura.
- b) Existencias iniciais de mercadorías.
- c) Gastos de aluguer.
- d) Primas de seguros.
- e) Subministracións e gastos correntes.
- f) Dereitos de propiedade industrial.
- g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica

#### **Sexto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións e **rematará o 7 de xullo de 2017**.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### **Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación.**

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego será o encargado de avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

O persoal técnico do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de cinco meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será publicada no taboleiro de edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na páxina web do concello [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e poderase notificar de xeito individual ao solicitante.

#### **Oitavo. Criterios de valoración**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio.

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación. Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto nas bases reguladoras, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta os seguintes criterios de desempate:

- 1º. Puntuación máis alta no número de postos de traballo creados.
- 2º. Puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.
- 3º. Puntuación máis alta en relación ás persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa empadroadas no Concello de Vigo.

De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbera orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (ata 10 puntos).

2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite que as persoas promotoras autoempregadas sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoa desempregada de longa duración
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Muller
- Discapacitado/a
- Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social
- Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio
- Persoa que forme unha familia monoparental
- Persoa que forme unha familia numerosa

3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

- Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa por un período mínimo de tres meses estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos). No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

Para acadar puntuación neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

#### **Noveno. Outros datos**

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello, 4ª planta), na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

### **Décimo. Publicación**

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

–As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

–A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

### **EXTRACTO DA CONVOCATORIA**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **Primeiro. Beneficiarios**

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial no municipio entre o 1 de abril de 2016 e o 31 de marzo de 2017 que sexan viables técnica, económica e financeiramente e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras, entre os que cabe subliñar:

Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.

Que o/a promotor/a cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras, como mínimo o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas en situación de desemprego e, na mesma porcentaxe/ como mínimo, crearán o seu posto de traballo.

Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coas administracións local, autonómica e estatal e coa Seguridade Social.

Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

#### **Segundo. Obxecto**

Mediante o presente acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva e atendendo a criterios obxectivos, de axudas económicas ás empresas de nova creación constituídas legalmente como tales coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

#### **Terceiro. Bases reguladoras**

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

#### **Cuarto. Contía**

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 denominada "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2017, cun importe total de 65.000€ (sesenta e cinco mil euros).

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados nin exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correspondentes aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

- a) Gastos de constitución e apertura.
- b) Existencias iniciais de mercadorías.
- c) Gastos de aluguer.
- d) Primas de seguros.
- e) Subministracións e gastos correntes.
- f) Dereitos de propiedade industrial.
- g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación. Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto nas bases reguladoras, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

#### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. e **rematará o 7 de xullo de 2017.**

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### **Sexto. Outros datos**

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello, 4ª planta), na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

**17(337).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MEMORIA DE ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN LABORAL E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL DURANTE O ANO 2017. EXPTE. 13972/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/03/17 e o informe de fiscalización do 7/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/03/17, asinado polo xefe do Servizo de Emprego, o concelleiro-delegado de dito Servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, as sinaladas no seu artigo 3.3, apartado d) *“A concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e mais outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais de acordo co artigo 297 de Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención.”*

Na Orde do 8 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017 (DOG. Núm. 58 do 23 de marzo de 2017).

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións por parte da Consellería de de Economía, Emprego e Industria, ás entidades que realicen accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego articuladas en itinerarios personalizados para o emprego e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

O artigo 4. *Contía das subvencións e período subvencionable* da orde determina a **contía das subvencións**, que terá por obxecto subvencionar as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os conceptos do persoal contratado, de acordo coas retribucións establecidas na respectiva normativa, ata un **máximo de 25.000 euros anuais por cada persoa técnica de orientación laboral contratada a tempo completo durante un período de 12 meses.**

A Concellería Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos leva a cabo, entre as súas actuacións, accións de información, orientación e prospección de emprego dirixidas ás persoas en situación de desemprego da cidade e, para a súa execución dispón na Relación de Postos de Traballo (RPT) de dúas técnicas de orientación laboral con consignación orzamentaria nas partidas 2410 1200100 "Retrib. Básicas A2 (P.Emprego)"; 2410 1210001 "Complem. Destino A2 (P.Emprego)"; 2410 1210101 "Complem. Específico A2 (P.Emprego)" e 2410 1600000 "Seguridade Social Emprego". Ademais, conforme ao artigo 11 relativo aos "Requisitos e selección do persoal técnico de orientación " contan coa titulación, formación e experiencia axeitada para tal fin e xa foran baremadas ao abeiro dos programas de información, orientación e prospección de emprego en exercicios anteriores.

Por outro lado, a Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos dispón de todos os medios técnicos e materiais que a mencionada orde esixe para a realización destas accións e o programa de orientación laboral e busca de emprego a presentar dende este servizo se axusta totalmente ao obxectivo da convocatoria.

Poderase solicitar subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria ata un máximo de 50.000,00€ para a contratación do equipo de orientación laboral formado por dúas técnicas de orientación laboral sendo precisa unha achega municipal ao proxecto dun total de 48.146,14€.

Segundo o artigo 4 relativo a Contía das subvencións e período subvencionable a subvención corresponderá a un período de 12 meses, ademais, segundo o apartado 7 do artigo 8 Procedemento, competencia e resolución "...A resolución poderá ter efecto retroactivo, sempre que non se interrompese a prestación dos servizos de orientación laboral...", polo que se prevé que o período de subvención se inicie de seguido ao remate do período subvencionado na convocatoria anterior.

Por todo o exposto e segundo á documentación que se inclúe no expediente, **proponse á Xunta de Goberno Local** a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar a memoria, de carácter plurianual, das accións de orientación laboral previstas a realizar nun período de 12 meses que abarcará o ano 2017 e o ano 2018.

2.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención total de 50.000,00 € para financiar a contratación de dúas técnicas de orientación laboral nun período de 12 meses de acordo co establecido na Orde do 08.03.2017, sendo precisa unha achega municipal ao proxecto de 48.146,14€ para a contratación deste persoal técnico.

3.- Asumir as obrigas económicas que ao concello lle corresponda no desenvolvemento do proxecto, con cargo ás partidas orzamentarias 2410 1200100 "Retrib. Básicas A2 (P. Emprego)"; 2410 1210001 "Complem. Destino A2 (P. Emprego)"; 2410 1210101 "Complem. Específico A2 (P. Emprego)" e 2410 1600000 "Seguridade Social Emprego" dos presupostos municipais dos anos 2017 e 2018 para o cofinanciamento deste proxecto.

CUSTOS TOTAIS 2017	Mensual			Anual				
	Salario bruto	SS empresa	Custo total	Salario (14 pagas)	SS empresa	Custo total	Subvención Xunta máx.	Aportación municipal
2 Titulado/a medio/a (Orientador/a laboral)	6.248,64 €	1.930,20 €	8.178,84 €	74.983,68 €	23.162,46 €	98.146,14 €	50.000,00 €	48.146,14 €

–Orde do 8 de marzo de 2017 no artigo 4: subvención máxima de 25.000,00 €/ano por cada técnico contratado para o desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

3.- Facultar a Santos Héctor Rodríguez Díaz, Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, para a tramitación e xestión desta subvención ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(338).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN “REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” DE VIGO NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 13784/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/02/17 e o informe de fiscalización do 11/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/03/17, asinado polo xefe do Servizo de Emprego, o concelleiro-delegado de dito Servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, *tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, no 2012, 2013, 2014 e 2015, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero*, polo que conforme establece a LEI 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
  - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
- ...”

Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratación por entidades sin ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social..

Dentro deste fomento do emprego na cidade de Vigo temos en conta os novos nichos de emprego entre os que a formación experiencial de persoas no apoio ás persoas vítimas de violencia de xénero, incrementan as ofertas de novos empregos, así como a do acompañamento a busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral destas persoas, mulleres na súa maioría, vítimas de violencia de xénero, favorecéndose así un dos cometidos que persegue este Concello de Vigo dentro das súas competencias, o da reinserción social e laboral da cidadanía. A contratación destas persoas mediadoras coas vítimas de malos tratos, estaría encadrado dentro desta lexislación vixente.

A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” solicita, a través dun escrito con rexistro de entrada o día 23 de xaneiro de 2017 co nº de rexistro 170008499, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que instrumentará a realización de 4 contratos laborais, 3 deles de persoal con formación universitaria e 1 de formación profesional, o que permitirá deste xeito consolidar novas actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero. Cabe suliñar que os custes da contratación deste/s traballador/es sería moito mais elevado se o asumise o Concello de Vigo, en comparativa coa proposta presentada por esta Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”.

A xustificación da concesión dunha subvención de xeito directo a ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS NA LOITA CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, ven dado entre outras cousas pola proposta económica presentada pola asociación para contratación de 4 persoas con cargo ao fomento do emprego. Son 4 persoas (1 Licenciada en Psicoloxía con unha xornada do 100%, 1 Diplomada en Traballo Social con unha xornada do 62,5%, 1 Diplomada en Traballo Social con unha xornada do 50% e 1 Administrativa con unha xornada do 100% , para os 8 meses propostos segundo o cadro anexo e proposición económica presentada pola asociación que suporía uns custes salariais de 44.866,96 €, custes necesarios sin ter en conta outros gastos como mantemento de instalacións, enerxía eléctrica, auga, etc, en tanto que si aplicásemos os custes propios do convenio municipal para estas contratacións o montante veríase moi incrementado resultando por importe de 73.028,51 €.

Custes estimados entidade:

Nº DE PERSOAS TRABALLADORAS	OCUPACIÓN	SALARIO BRUTO	S.S EMPRESA	TOTAL MENSUAL	DURACIÓN DO CONTRATO	TIPO DE XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	LICENCIADA EN PSICOLOXÍA	1.504,23 €	492,65 €	1.996,88 €	8,00	100,00%	15.975,04 €
1	DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL	848,77 €	277,98 €	1.126,75 €	8,00	62,50%	9.014,00 €
1	DIPLOMADA EN TRABALLO SOCIAL	679,02 €	222,38 €	901,40 €	8,00	50,00%	7.211,20 €
1	TÉCNICA ADMINISTRATIVA	1.192,71 €	390,63 €	1.583,34 €	8,00	100,00%	12.666,72 €
<b>TOTAL CONTRATACIÓNS</b>							<b>44.866,96 €</b>
<b>GASTOS DE XESTIÓN</b>							<b>673,00 €</b>
<b>TOTAL</b>							<b>45.539,96 €</b>

Custes da contratación se os tivese que contratar o Concello de Vigo



O importe do convenio de 45.539,96 € (44.866,96 € de custes salariais e 673,00 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/02/2017 ao 30/09/2017).

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:
  - O fomento da autoestima.
  - A potenciación da personalidade.
  - A transmisión de modelos sociais igualitarios.
  - O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
  - Transmitir modelos sociais igualitarios.
  - Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
  - Identificar a violencia de xénero
  - Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
  - Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
  - Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
  - Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

–Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.

–Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.

–Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.

–Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.

–Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.

–Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.

–Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de melloira do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.

–Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.

–Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

Tendo en conta a necesidade de mellorar a de dinamizar situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, ademais do coñecemento da situación destas mulleres, e sendo a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” a única entidade sin ánimo de lucro rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións, dedicada exclusivamente á atención a mulleres en situación de maltrato., o que xustifica a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de 45.539,96 €, importe recollido nominativamente na partida 2410 4700007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, conforme ao establecido no artigo 19.4.a da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta situación de exclusividade na atención ás mulleres maltratadas, xunto co incremento do número de vítimas mortais no noso entorno (75% das rexistradas no total de Galicia), o número de chamadas ao 016 (49,35% ), xustifica a realización deste convenio de colaboración, remarcando que nesta cidade non existe ningunha outra asociación adicada directamente a estes cometidos, que realice as mesmas ou similares tarefas de apoio e garanta unha atención profesional e especializada, e con unha alta valoración polas propias usuarias e cidadanía de Vigo.

Incorpórase unha cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral entre os traballadores directa ou indirectamente beneficiarios da subvención que se pretende conceder a Asociación REDE de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo e o Concello de Vigo.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con CIF: G36928646 sobre as accións de interese para a cidade destinadas a fomentar actividades en materia de comunicación, formación e dinamización no acompañamento ás mulleres, vítimas de violencia de xénero, cara a súa reincorporación sociolaboral, elaborando estudos das súas necesidades, intensificando a concienciación social e creando unha base de datos documental sobre a violencia de xénero.
- Autorizar o gasto de **45.539,96 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 **4800007** “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017.

- Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.
- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei **38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.**

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de duos mil dezasete

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz co DNI 36008431-E, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015) con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.*

*Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI 36012710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en assemblea celebrada o 15 de decembro de 2010, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.*

*Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.*

#### **EXPOÑEN**

*PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados.*

*–Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de*

xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013 e 2014, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
  - b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.
- ...”

Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra o desemprego, as contratacións por entidades sin ánimo de lucro que permita coller experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

SEGUNDO: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, propón a contratación de 4 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, considéranse accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, así como na prestación dos servizos sociais e de promoción, así como da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”

## MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:

- O fomento da autoestima.
- A potenciación da personalidade.
- A transmisión de modelos sociais igualitarios.
- O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
- Transmitir modelos sociais igualitarios.
- Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
- Identificar a violencia de xénero
- Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
- Proporcionarlles ás/os profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
- Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
- Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de asociacións, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de decembro de 2016, según as publicacións realizadas pola comunidade autónoma:

*Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:*

CONCELLO	TOTAL DE EMPREGADOS/AS	MULLERES	HOMES
VIGO	26.145	14.323	11.822

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de colaboración de xeito directo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

V.- Que a Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, o Concello de Vigo e a dita Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos” comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2015, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

- Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:
  - O fomento da autoestima.
  - A potenciación da personalidade.
  - A transmisión de modelos sociais igualitarios.
  - O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
  - Transmitir modelos sociais igualitarios.
  - Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
  - Identificar a violencia de xénero
- Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
- Proporcionarlles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
- Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
- Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.
- Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, “Asociacións

en rede” (<http://asociacións.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.

- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
- As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
- Respetar a estrutura organizativa da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
- Conceder directamente á Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos unha subvención total por importe de 45.539,96 € (44.866,96 € de custes salariais e 673,00 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 “Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación de-

*berá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.*

*A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembr, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.*

*Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non existir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:*

- *A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.*
- *En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.*
- *A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.*



Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
- Tres vocais:
  1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
  2. Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos
  3. Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Realizar a selección de persoal a contratar e propor as contratacións de persoal a realizar.
- Supervisar o cumprimento da normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Decímo.- A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:*

- *Copia do contrato.*
- *Copia do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- *Copia das nóminas correspondente aos meses imputados.*
- *Copia do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- *Copia do documento (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.*

*Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de febreiro e o 30 de setembro de 2017.*

*A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.*

*Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

*Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.*

*Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirecta.*

tamente pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2017.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2017

### **19(339).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE MARZO DE 2017. EXPTE. 6898/335.**

Dáse conta da proposta de data 5/04/17, asinada polo técnico de xestión, a xefa e a concelleira -delegada, todos eles do Servizo de Festas, que di o seguinte:

*Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, aprobadas polo Pleno con data 27/12/2016, faise a seguinte PROPOSTA:*

*Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de marzo de 2017.*

RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR CORRESPONDENTES AO MES DE MARZO DE 2017 TRAMITADOS NO SERVIZO DE FESTAS, AUTORIZADOS POLA CONCELLEIRA DELEGADA.

*Expte: 6893/335. CONTRATACIÓN DA DIFUSIÓN PUBLICITARIA EN PRENSA DA PROGRAMACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA 2017  
Decreto concelleira data: 30/03/2017  
Informe Intervención: RCM 33463  
Adxudicatario: RADIO VIGO SAU e OUTROS CATRO PROVEDORES  
Importe total: 21.205,90 EUROS*

*Expte: 6894/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS E DA PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA A EXHIBICIÓN DE BAILE CONCELLO DE VIGO  
Decreto concelleira data: 29/03/2017  
Informe Intervención: RCM 32499  
Adxudicatario: MARÍA LORENA LÓPEZ FERNÁNDEZ  
Importe total: 9.680,00 EUROS*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **20(340).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-6. EXPTE. 7644/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 17/04/17, asinado pola xefe do Servizo de Igualdade, o secretario xeral do Pleno e a concelleira delegada de Igualdade, que di o seguinte:

*Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de “Vivendas tuteladas” ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: F-00473-C-006, F-00473-C-007, e F-00473-C-008.*

*O día 12 de abril de 2017 o equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI num. 45295286Y, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de dous fillos/as menores, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada co número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI num. 45295286Y e os seus fillos/as, a ocupen por un período de 6 meses, a contar desde o 21/04/2017 (ou data posterior fixada para o ingreso polo equipo municipal), transcurridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.*

*Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.*

*Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 7644-224, por un período de 6 meses, transcurridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.*

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(341).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 8520/307.**

Dáse conta do informe de data 6/04/17, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

*Segundo as instrucións municipais sobre contratos menores, este servizo de Patrimonio Histórico propón dar conta á Xunta de Goberno Local dos tramitados durante o primeiro trimestre de 2017. Estes contratos foron adxudicados á oferta máis vantaxosa económica-mente ou á única que se presentou. Por razóns operativas do servizo e en atención ó obxecto do contrato, tramitáronse dous Rcs xenéricos:*

<b>N.º (307)</b>	<b>EXPTE</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>ADXUDICATARIO</b>	<b>IMPORTE (EUROS)</b>
8473		Reparación muro xardín histórico de Castrelos	Construcciones Castro	4528,78
8428		Contratación alarma pazo Raposeira	Seguridad Mar	508,20
8513		Limpeza dolmen Casa dos Mouros	Tomos	1977,85
8459		Limpeza Casa Patín previa a súa inauguración	Limpergal	689,70
8427		Mantemento ascensor Centro de Interpretación Mundo Romano de Toralla	Vitex	1437,48
8429		Mantemento extintores equipamentos Patrimonio Histórico	Extintores Celta	210,54
8426		Gastos varios mensaxería	Rc xenérico	300
8453		Dixitalización do xacemento da villa romana de Toralla mediante Realidade Aumentada (Timetrip Experience)	Xoan Iago Suárez Canosa	21225,82
8472		Poda e apeo árbores enfermas en xardín histórico	Forsai	5082,00
8454		Reposición baterías alarma pazo Raposeira	Montajes Técnicos de Galicia	132,62 euros
8485		recollida e tratamento dos restos vexetais do xardín histórico de Castrelos durante o ano 2017	Toysa	10.890,00
8280		Restauración escudo antigo concello de Lavadores	José Manuel Pérez Fontán (XEVE)	1.817,10 euros
8471		III Programa medianeiras: creación páxina web	Samnh Joem Hardie Núñez	15.125
8502		III Programa medianeiras: actuación complementaria programa URBANIZARTE	Juan Domingo Teixeira Vázquez	15070,05

N.º EXPTE (307)	CONCEPTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE (EUROS)
8506	III Programa medianeiras: actuación complementaria Cidade de cor en centros educativos	Cristina Navia Estévez	21.114,50
8474	Adquisición material fuxible para mantemento patrimonio histórico	Rc xenérico	3000
8484	Adquisición de plantas e fitosanitarios para xardín histórico	VIVEIROS ADOA	21.253,30
8435	Subscripción á prensa escrita da Tenencia Alcaldía e Patrimonio Histórico	(FARO DE VIGO e EL PAÍS)	760

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **22(342).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 53432/212.**

Dáse conta do informe de data 11/04/17, asinado polo intendente xefe da Policía Local e o concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*En cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, achégase a relación de contratos menores celebrados pola Policía Local correspondente ao primeiro trimestre do ano 2017 (xaneiro, febreiro e marzo), para a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, segundo anexo.*

#### ANEXO

*RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2016 (XANEIRO, FEBREIRO E MARZO):*

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe€
51700/212	1320.2270602	SER	Recollida, transporte e análises mostras saliva	Drager Safety Hispania, S.A.	30/12/16	02/01/17	21.772,92
51701/212	1320.2279911	SER	Outras prestacións transportes	-	02/01/17	02/01/17	1.500,00
51702/212	1320.2279906	SER	Mantemento centralita telefónica	Emetel Sistemas S.L.	18/01/17	17/01/17	1.843,60
51708/212	1320.2240000	SER	Seguro RC Pit Castro	Mapfre Vida S.A.	12/01/17	11/01/17	2.410,63
51723/212	1320.2219900	SUB	Material operatividade servizo	-	02/01/17	02/01/17	10.000,00
51724/212	1320.2120000	SUB	Reparación, mantemento outras construcións	-	02/01/17	02/01/17	6.000,00
51725/212	1320.2279900	SER	Mantemento preventivo	Drager Safety Hispania S.A.	12/01/17	11/01/17	3.270,91

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe/€
			etilómetros e drugtest				
51726/212	1320.2130000	SER	Reparación, mantemento material diverso	-	02/01/17	02/01/17	6.000,00
51727/212	1320.2279903	SER	Verificacións periódicas aparellos metrolóxicos	Gestoría Rodal S.L.	02/01/17	02/01/17	9.000,00
51759/212	1320.2200100	SUB	Libros, publicacións e material didáctico	-	02/01/17	02/01/17	500,00
51842/212	1320.2279910	SER	Curso manexo cabalos espazos urbáns e rurais	Benito Conrado Pérez Martínez	02/01/17	02/01/17	4.755,30
51917/212	1320.2190000	SER	Reparación, mantemento outro inmovilizado	-	02/01/17	02/01/17	9.000,00
51921/212	1320.2140000	SER	Reparación, mantemento medios locomoción	-	02/01/17	02/01/17	6.000,00
51922/212	1320.2279910	SER	Curso autocad croquizador	AFI Aula Informática de Galicia S.L.	13/01/17	13/01/17	1.800,00
52033/212	1320.2210400	SUB	Prendas vestiario	-	12/01/17	10/01/17	3.000,00
52043/212	1320.2219900	SUB	Material Operatividade furgóns GOA	Danner Boot SLU	12/01/17	10/01/17	5.714,37
52057/212	1320.6290001	SUB	2 etilómetros	Drager Safety Hispania S.A.	12/01/17	10/01/17	12.096,13
52103/212	1320.2200201	SUB	Material informático non inventariable	-	02/02/17	31/01/17	1.000,00
52105/212	1320.2150000	SUB	Reparación, mantemento mobiliario	-	18/01/17	17/01/17	1.000,00
52211/212	1320.2211000	SUB	Produtos limpeza e aseo	-	31/01/17	20/01/17	600,00
52519/212	1320.2200101	SUB	Material didáctico educación vial	-	15/02/17	13/02/17	3.000,00
52534/212	1320.2219900	SUB	Material operatividade sección Atestados	Drager Safety Hispania S.A.	15/02/17	13/02/17	8.096,98
52539/212	1320.2260100	SUB	Atencións protocolarias	-	15/02/17	13/02/17	1.000,00
52540/212	1320.2260100	SER	Atencións protocolarias	-	15/02/17	13/02/17	7.000,00
52624/212	1320.2219900	SUB	Carteiras, placas emblemas	Maseimu Vestuarios S.L.	27/02/17	24/02/17	8.328,43
52656/212	1320.2200000	SUB	Material oficina non inventariable	-	17/02/17	17/02/17	300,00
52672/212	1320.2279904	SER	Apoio Xurídico	Carlos Borrás Díaz de Rábago	24/02/17	21/02/17	7.260,00
52750/212	1320.2219900	SUB	Munición	Armería ACP Santos Cao	27/02/17	27/02/17	3.957,00
53073/212	1320.2219903	SUB	Cascos para o servizo	-	22/03/17	20/03/17	1.000,00



## **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **23(343).- AUTORIZACIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCIONES Á EMPREGADA CON NÚM. DE PERSOAL 23290. EXPTE. 29718/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 7/04/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

O posto da xefatura do Servizo de Turismo e Industria atópase vacante desde o pasado 27 de outubro de 2016, por xubilación da súa titular.

Con data 12 de decembro de 2016, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo asinou unha proposta de reestruturación dos Servizos de Festas e de Turismo (expediente 6690/335). Nesta proposta incluíase a unificación da xefatura de Festas coa xefatura de Turismo e Industria nunha soa xefatura.

O novo posto conlevaría a centralización das actividades de planificación, coordinación e xestión administrativa, así como o desenvolvemento dos programas recollidos nos presupostos anuais así como todas aquelas recollidas na correspondente guía de funcións do posto de xefatura do novo servizo consecuencia da unificación dos anteriores de Turismo e Industria e Festas

Toda vez que a funcionaria Luz María González Domínguez, con número de persoal 23290, esta en posesión da praza de Técnico de actividades turísticas e desempeñou funcións técnicas no Servizo de Turismo dende o ano 1995 ata o ano 2003, estímase conveniente a realización de encomenda das funcións do posto de xefa do Servizo de Turismo e Industria a dita funcionaria, adscrita na actualidade a xefatura do Servizo de Festas, de xeito provisional e ata que se resolva o expediente de proposta de reestruturación dos Servizos de Festas e de Turismo (expediente 6690/335).

Pola Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal ordénase en instrución do servizo á Área de Recursos Humanos e Formación a realización dos trámites administrativos necesarios para autorizar a petición formulada en relación a citada funcionaria.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.-Artigo 73.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público: recolle a posibilidade legal de que as Administracións Públicas podan asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións. Por tanto, ten plena cobertura legal a atribución temporal de funcións en favor de funcionario/a público/a que reúna os requisitos previstos ao efecto na vixente RPT.

II.-Artigo 103 da vixente Constitución de 1978: obriga das Administracións Públicas de suxeición aos principios de eficiencia, xerarquía, desconcentración, descentralización e plena suxeición á Lei e ao Dereito.

A consecución da eficiencia na prestación do servizo público conleva a obriga de conciliar as necesidades derivadas do mesmo co marco legal vixente en materia de emprego público; no presente suposto, o carácter esencialmente temporal da atribución proposta conleva a adecuada cobertura provisional do exercicio das responsabilidades derivadas das funcións propias do seu posto no servizode Festas, así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos.

Dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento das áreas e servizos municipais en canto á administración e xestión ordinaria do mesmos, sinatura técnica, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguemento da actividade e programación ordinaria, entre outros; e a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, considérase adecuado ao marco legal vixente a atribución provisional de funcións sen retribución económica a empregada municipal Luz María González Domínguez, con número de persoal 23290, Xefa do servizo de Festas

Dita atribución provisional ten carácter limitado no tempo, cesando automaticamente coa aprobación da modificación puntual da RPT vixente e a conseguinte reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas, establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017.

III.- A presente atribución provisional non conleva gasto público, ao non levar asociada a percepción de complementos retributivos, sen prexuízo do cal, e para facilitar o exercicio da función interventora, remítese á Intervención Xeral Municipal aos efectos que procedan, en cumprimento do preceptuado nos artigos 213 a 223 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

IV.- En consecuencia, e á vista da motivación exposta; vistas as competencias que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase ao dito órgano colexiado a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Atribuir provisionalmente a funcionaria municipal Luz María González Domínguez, con número de persoal 23290, Xefa do servizo de Festas a realización de funcións propias do posto de Xefa do servizo de Turismo e Industria, compatibilizandoas coas propias do posto ao que se atopa adscrita no servizo de Festas, así como aquelas que sexan necesarias para garantir a mellor calidade na prestación dos servizos, e sen conlevar complemento retributivo.

SEGUNDO.- Establecer como límite temporal da vixencia da presente autorización o momento no cal se produza a reorganización interna e racionalización de estruturas administrativas e a provision do posto polo sistema de Libre designación , establecéndose como data límite ao efecto o 31 de decembro de 2017

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao efectivo afectado, Concelleiro/a-delegado/a das Áreas correspondentes, así como ao Comité de Persoal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación

ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(344).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XGL DE DATA 23/02/2017, SOBRE “DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE CONTRATACIÓN COMO TRABALLADORES INDEFINIDOS NON FIXOS” (EXPTE.: 29448-220). EXPTE. 29815/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/04/17, asinado pola técnica Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### *I.- ANTECEDENTES DE HECHO*

*Primeiro.- O día 02-02-07, D. Rafael Molina Jimenez, con DNI nº 36097461 L, presentou escrito neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación laboral con o Concello debe ser de carácter indefinida e non temporal. (Expte. 29448/220)*

*Segundo.- D. Rafael Molina Jimenez, prestou servizos para o Concello, durante os seguintes períodos:*

*Dende o 20-08-12 ata o 19-02-13, dende o 04-11-13 ata o 03-05-14, dende o 02-03-15 ata o 01-09-15 e dende o 23-06-16 ata o 22-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.*

*Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de febreiro de 2017, adoptou o seguinte acordo: “Proposta desestimatoria de solicitudes de contratación como traballadores indefinidos non fixos. Expte. 29448/220.”*

*Carto.- En virtude do acordo anterior desestimouse a pretensión de D. Rafael Molina Jiménez (entre outros), na que solicitaba a contratación como traballador indefinido non fixo.*

#### *II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.*

*- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.*

*- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.*

*- Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.*

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

### III.- FUNDAMENTOS XURIDICOS:

*O interesado solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que os contratos eventuais por acumulación de tarefas en virtude dos cales prestou servizos no concello, non se corresponden na realidade cunha necesidade de aumento da produción o acumulación de traballo puntual, se non que débese máis ben a unha carencia de persoal para atender os servizos que o concello ten cos cidadáns. En base a elo entenden que a súa contratación debía ser de carácter indefinido.*

*En primeiro lugar e como aclaración, dicir que a pesar de que o solicitante fala de contratación, no seu caso temos que falar non de contratos, se non de nomeamentos como funcionario interino. Os tipos de empregados públicos se relacionan no TREBEP. Así o artigo 8 do citado corpo legal, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual. O único elemento común entre eles es que todos desempeñan funcións retribuídas na Administración Pública.*

*Cada tipo de empregado público ten unha regulación diferenciada, que determina diferencias no so na súa forma de acceso, se non tamén no tempo de permanencia posible no posto, nas funcións específicas que vai desenvolver ...*

*Así as administracións locais teñen ante si o seguinte marco normativo a ter en conta cando se trata de incorporar novo persoal que puidera ser necesario para manter os servizos públicos que se prestan. Xa o EBEP de 2007 instituíu catro fórmulas de funcionario interino, que partindo das clásicas existentes (interino en praza vacante e interino por substitución de funcionario) se amplían en dous máis, e que en gran parte atopa o seu orixe nas fórmulas de temporalidade laboral: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (art. 10.1.c)), que garda gran equivalencia, aínda que non total, co contrato de obra e servizo do artigo 15.1 do ET, e o funcionario interino incorporado á Administración ante un exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (art.10.1.d), casi idéntico o contrato eventual tamén regulado no art.15.1.b del ET.*

*Con este dobre marxe (laboralidade temporal e funcionarios interinos o EBEP constrúe o marco da posible incorporación de empregados públicos non permanentes.*

*Tamén é mester ter en conta as leis de presupostos, xa con anterioridade ao 2012, pero moi especialmente a partires de ese ano, iniciaron un camiño complexo restrinxente case ó máximo en relación á incorporación de persoal de novo ingreso de forma permanente, ó reducir para o 2013 (Lei 17/2012) a taxa de reposición de efectivos o cero por cento, con algunhas excepcións puntuais, que en todo caso pouco o nada resolven as necesidades de novo persoal para entidades locais de plantillas medianas o pequenas, aínda incluso as máis grandes sofren idéntico problema, por canto o referido dez por cento é certamente moi reducido. Afortunadamente, para o 2016 a Lei preveu unha flexibilidade importante o instituír unha taxa de reposición xeral del 50 por cento.*

*Con respecto aos funcionarios interinos o artigo 10 do TREBEP establece dentro das clases de persoal ó servizo das Administracións Públicas que son funcionarios interinos "los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales*

para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.

b) La sustitución transitoria de los titulares.

c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.

d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses.

...

*El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento...*

*El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”*

*Nos centraremos no apartado d) do artigo 10 por ser o caso do solicitante, neste caso o prazo máximo de seis meses refírese ó límite máximo de duración do nomeamento do funcionario interino por esta causa, e dicir no nomeamento por exceso o acumulación de tarefas, o funcionario interino pode ser nomeado por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de 12 meses.*

*Tamén é importante ter en conta, que a xurisprudencia e reiterada no sentido de que “las irregularidades en la contratación temporal de las Administraciones Públicas no pueden determinar la adquisición de la condición de fijeza, porque ello supondría la vulneración de las normas con relevancia constitucional que garantizan los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad en el acceso al empleo público. La Administración pública no puede atribuir a los trabajadores afectados por estas irregularidades la pretendida fijeza en plantilla con una adscripción definitiva del puesto de trabajo, sino que por el contrario está obligada a adoptar las medidas necesarias para la provisión regular del mismo y, producida esa provisión en la forma legalmente procedente, existirá una causa lícita para extinguir el contrato. El reconocimiento de la condición de indefinido no fijo responde a estas exigencias porque preserva la cobertura del puesto de trabajo de acuerdo con los principios constitucionales.” (STSJ País Vasco 4 de Noviembre de 1997, entre otras)*

*Aplicado o anteriormente exposto temos que o solicitante prestou servizos no Concello de Vigo en virtude de nomeamentos de interino por acumulación de tarefas e os distintos nomeamentos de que foi obxecto, foron feitos respetando os límites legais anteriormente expostos e comentados, o que impide acceder ó solicitado.*

*En atención a todo o exposto, e visto os Recursos interpostos e de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións*

*Públicas, e vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

*Primeiro.- Desestimar integramente o recurso interposto por D. Rafael Molina Jiménez.*

*Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao recorrente, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**25(345).- PROPOSTA DESESTIMATORIA RESPECTO DA SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN DE FIN DE CONTRATO EN BASE Á SENTENCIA DO TJUE DE 14/09/2016. EXPTE: 29818/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 12/04/17, asinado pola técnica Admón. Xeral de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE HECHO**

*Primeiro.- O día 02-02-07, D. RAFAEL MOLINA JIMENEZ, con DNI nº 36097461 L, presentou escrito neste Concello no que solicita con carácter retroactivo, o abono da indemnización, por finalización da relación laboral co Concello de Vigo en base a Sentencia do TJUE de 14 de setembro de 2016. (Expte. 29447/220)*

*Segundo.- D. Rafael Molina Jimenez, prestou servizos para o Concello, durante os seguintes períodos:*

*Dende o 20-08-12 ata o 19-02-13, dende o 04-11-13 ata o 03-05-14, dende o 02-03-15 ata o 01-09-15 e dende o 23-06-16 ata o 22-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.*

**II.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

*- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.*

*- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.*

- Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

### III.- FUNDAMENTOS XURIDICOS:

1º- En primeiro lugar resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a seu contrario.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

2º- Sentado o anterior, procédese a expoñer a motivación xurídica da presente proposta de acordo.

O interesado solicita a indemnización por finalización da súa contratación temporal en base a doutrina xurisprudencial do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Con carácter previo e como aclaración, dicir que a pesar de que o solicitante fala de contratación, no seu caso temos que falar non de contratos, se non de nomeamentos como funcionario interino. Os tipos de empregados públicos se relacionan no TREBEP. Así o artigo 8 do citado corpo legal, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual. O único elemento común entre eles es que todos desempeñan funcións retribuídas na Administración Pública.

Cada tipo de empregado público ten unha regulación diferenciada, que determina diferenzas no so na súa forma de acceso, se non tamén no tempo de permanencia posible no posto, nas funcións específicas que vai desenvolver ...

Así as administracións locais teñen ante si o seguinte marco normativo a ter en conta cando se trata de incorporar novo persoal que puidera ser necesario para manter os servizos públicos que se prestan. Xa o EBEP de 2007 instituíu catro fórmulas de funcionario interino, que partindo das clásicas existentes (interino en praza vacante e interino por substitución de funcionario) se amplían en dous máis, e que en gran parte atopa o seu orixe nas fórmulas de temporalidade laboral: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (art. 10.1.c)), que garda gran equivalencia, aínda que non total, co contrato de obra e servizo do artigo 15.1 do ET, e o funcionario interino incorporado á Administración ante un exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (art.10.1.d), casi idéntico o contrato eventual tamén regulado no art.15.1.b del ET.

Con este dobre marxe (laboralidade temporal e funcionarios interinos o EBEP constrúe o marco da posible incorporación de empregados públicos non permanentes.

Tamén é mester ter en conta as leis de presupostos, xa con anterioridade ao 2012, pero moi especialmente a partires de ese ano, iniciaron un camiño complexo restrinxente case ó máximo en relación á incorporación de persoal de novo ingreso de forma permanente, ó reducir para o 2013 (Lei 17/2012) a taxa de reposición de efectivos o cero por cento, con algunhas excepcións puntuais, que en todo caso pouco o nada resoven as necesidades de novo persoal para entidades locais de plantillas medianas o pequenas, aínda incluso as máis grandes sofren idéntico problema, por canto o referido dez por cento é certamente moi reducido. Afortunadamente, para o 2016 a Lei preveu unha flexibilidade importante o instituír unha taxa de reposición xeral del 50 por cento.

Con respecto aos funcionarios interinos o artigo 10 do TREBEP establece dentro das clases de persoal ó servizo das Administracións Públicas que son funcionarios interinos “los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

- a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.
- b) La sustitución transitoria de los titulares.
- c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.
- d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses.

...

El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento...

El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”

Nos centraremos no apartado d) do artigo 10 por ser o caso do solicitante, neste caso o prazo máximo de seis meses refírese ó límite máximo de duración do nomeamento do funcionario interino por esta causa, e dicir no nomeamento por exceso o acumulación de tarefas, o funcionario interino pode ser nomeado por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de 12 meses.

Tamén é importante ter en conta, que a xurisprudencia e reiterada no sentido de que “las irregularidades en la contratación temporal de las Administraciones Públicas no pueden determinar la adquisición de la condición de fijeza, porque ello supondría la vulneración de las normas con relevancia constitucional que garantizan los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad en el acceso al empleo público. La Administración pública no puede



*atribuir a los trabajadores afectados por estas irregularidades la pretendida fijeza en plantilla con una adscripción definitiva del puesto de trabajo, sino que por el contrario está obligada a adoptar las medidas necesarias para la provisión regular del mismo y, producida esa provisión en la forma legalmente procedente, existirá una causa lícita para extinguir el contrato. El reconocimiento de la condición de indefinido no fijo responde a estas exigencias porque preserva la cobertura del puesto de trabajo de acuerdo con los principios constitucionales.” (STSJ País Vasco 4 de Noviembre de 1997, entre otras)*

*3º- Centrándonos na cuestión que nos ocupa e como xa expuxemos, o solicitante reclama con carácter retroactivo o abono da indemnización por finalización da relación laboral co Concello de Vigo mediante nomeamentos eventuais, amparándose na Sentencia TJUE de 14 de setembro de 2016.*

*El Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na súa Sentencia de data 14 de setembro de 2016, no asunto C-596/14, declara que , el Tribunal de Justicia (Sala Décima) declara: “1) La cláusula 4, apartado 1, del Acuerdo marco sobre el trabajo de duración determinada, celebrado el 18 de marzo de 1999, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70/CE del Consejo, de 28 de junio de 1999, relativa al Acuerdo marco de la CES, la UNICE y el CEEP sobre el trabajo de duración determinada, debe interpretarse en el sentido de que el concepto de «condiciones de trabajo» incluye la indemnización que un empresario está obligado a abonar a un trabajador por razón de la finalización de su contrato de trabajo de duración determinada. 2) La cláusula 4 del Acuerdo marco sobre el trabajo de duración determinada, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70, debe interpretarse en el sentido de que se opone a una normativa nacional, como la controvertida en el litigio principal, que deniega cualquier indemnización por finalización de contrato al trabajador con contrato de interinidad, mientras que permite la concesión de tal indemnización, en particular, a los trabajadores fijos comparables. El mero hecho de que este trabajador haya prestado sus servicios en virtud de un contrato de interinidad no puede constituir una razón objetiva que permita justificar la negativa a que dicho trabajador tenga derecho a la mencionada indemnización”.*

*A lexislación actual non contempla ningunha indemnización para os interinos ó finalizar o seu contrato, si se prevé para os traballadores temporais (12 días por ano traballado), tal indemnización está recollida no artigo 49.1.c) “... Por expiración del tiempo convenido o realización de la obra o servicio objeto del contrato. A la finalización del contrato, excepto en los casos del contrato de interinidad y de los contratos formativos, el trabajador tendrá derecho a recibir una indemnización de cuantía equivalente a la parte proporcional de la cantidad que resultaría de abonar doce días de salario por cada año de servicio, o la establecida, en su caso, en la normativa específica que sea de aplicación.” Agora ben, cando son de aplicación algunha das causas concretamente tasadas, a cousa cambia, posto que si o interino e despedido por causas obxetivas, ten dereito a unha indemnización de 20 días por ano, e si o despido é improcedente, de 33 días por ano de servizo.*

*Temos que dicir que a Sentenza anteriormente referida, e outras ditadas xa no ámbito nacional na sala do social do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, en principio so ten efectos xurídicos nos casos concretos planteados, éstos refírense a casos específicos, pero, ao menos de momento non son extrapolables ó resto dos traballadores, ademais é importante matizar que non aborda a situación dos funcionarios interinos, solo a dos empregados públicos interinos. O que si parece necesario a partir da sentenza europea que nos ocupa, é a conveniencia de revisar a lexislación existente relativa o contrato de interinidade para adaptalo ós pronunciamentos europeos e acabar coa inseguridade xurídica existente. Sen embargo, sería oportuno agardar a novos pronunciamentos xudiciais que se esperan neste*

tema (Tribunal Supremo e novamento o Tribuna de Xustiza da Unión Europea), que concreten máis a cuestión e determinen si a indemnización que se da os temporais (12 días), debe equipararse á que reciben os indefinidos por causas obxetivas (20 días), e se a dos interinos deberían equipararse entón a esta cuantía, pero todo elo aínda está por ver.

En atención ó exposto, entendo que debe deixarse aberta a formulación dunha proposta definitiva para máis adiante, ata que se pronuncien os Tribunais, xa que a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, non reflexa con precisión a situación do ordenamento xurídico español, estando a cuestión "sub iudice" neste intre. Por elo o dar unha resposta agora, significaría dar unha solución que máis tarde podería ser contraditoria con futuras decisións xurisdicionais.

4º. Así, vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, e en xusta coherencia coa motivación legal, antecedentes xurisprudenciais e argumentos xurídicos expostos; e a salvo de calquera criterio mellor fundado en Dereito nos termos do indicado na cuestión previa do presente informe; pola presente e coa previa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar integramente o recurso interposto por D. Rafael Molina Jiménez.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado/a.

Terceiro.- "Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(346).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA DURANTE O MES DE MARZO DE 2017. EXPTE. 1206/330.**

Dáse conta do informe de data 7/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

*En cumprimento das instrucións da base 31º das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, no mes de MARZO de 2017.*

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO	CIF/NIF	IMPORTE
15570/331	RESERVA XENÉRICA DE CRÉDITO PARA UN SERVIZO DE ACUDA E CUSTODIA DE CHAVES DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS			1.500,00 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **27(347).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE MARZO DE 2017. EXPTE. 1857/341.**

Dáse conta do informe de data 5/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

*En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2016, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341), Verbum (340) e Museos Quiñones de León (337) no mes de MARZO, e que son os que deseguido se relacionan:*

### **MARZO 2017**

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1825/341. Reparación de paneis da sala de exposicións da planta baixa da Casa das Artes. CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ, S.L. RCM 31884.	23/03/17	8.955,21 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1819/341. Seguro das obras para a exposición "Tempos dun encontro. Ánxel Huete, Manel Lledós e Miguel Saco". AXA ART. RCM 24567.	03/03/17	424,60 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1848/341. Reserva xenérica de crédito para gastos de dereitos de autor derivados da programación do servizo de Museos. RCM 31905.	22/03/17	4.000,00 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1820/341. Elaboración de textos de Luís Ruiz para catálogo da exposición "Tempos dun encontro. Ánxel Huete, Manel Lledós e Miguel Saco", na Casa das Artes. LUIS G. RUIZ LAMAS. RCM 24654.	03/03/17	700,00 €

CENTRO OU SERVICIO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1815/341. Produción, montaxe e desmontaxe, transportes e enmarcados da exposición "Tempos dun encontro. Ánxel Huete, Manel Lledós e Miguel Saco". DAEXGA SERVICIOS INTEGRALES DE GALICIA, S.L. B70040597. RCM 24268.	02/03/17	13.813,71 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1817/341. Subministración de material gráfico para a exposición "Tempos dun encontro. Ánxel Huete, Manel Lledós e Miguel Saco", na Casa das Artes. DESOÑOS, S.L. B36949923. RCM 24267.	02/03/17	4.271,30 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1818/341. Fotografado das obras e sala da exposición "Tempos dun encontro. Ánxel Huete, Manel Lledós e Miguel Saco", na Casa das Artes. CARLOS R. PRIETO. 36169413G. RCM 24269.	02/03/17	2.853,18 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1821/341. Elaboración de augioguía para a exposición "Tempos dun encontro. Ánxel Huete, Manel Lledós e Miguel Saco", na Casa das Artes. MEDIANORTE LOCUTORES PROFESIONALES, SLU, B94073541. RCM 24273.	02/03/17	1.439,90 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 1840/341. Subministración de material gráfico para tres exposicións promovidas pola Fundación Carlos Casares e unha exposición promovida pola Fundación Cultural Evanxélica Kalos, na Casa das Artes e Casa Galega da Cultura. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 32498.	28/03/17	4.398,14 €
VERBUM (340)	Expte. 2595/340. Reserva de crédito para a realización de mantementos e reparacións de equipos audiovisuais no VERBUM. RCM 17976.	03/03/17	1.500,00 €
VERBUM (340)	Expte. 2607/340. Contratación do subministro de folletos trípticos para o Vebum-Casa das Palabras. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 31946.	24/03/17	1.210,61 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5947/337. Restauración da obra "Misterios do mar" de Urbano Lugrís. TOMOS CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN, S.L. RCM 26360.	13/03/17	5.990,83 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5969/337. Deseño e edición de MUPIS para varias exposicións da Rede Museística. ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. RCM 27717.	16/03/17	866,06 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5953/337. Reserva xenérica de crédito para contratación de traballos especializados. RCM 24902	07/03/17	3.000,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 5965/338. Contrato menor de servizos para restauración de portas da capela e recepción do Pazo de Castrelos. TROA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, S.L. RCM 31942.	28/03/17	8.037,17 €

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **28(349).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON TEATRO ENSALLE S.L.L. PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DA SALA TEATRO ENSALLE NO PERÍODO DE XANEIRO A MARZO DE 2017. EXPTE. 1191/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24/03/17 e informe de fiscalización do 11/04/17, dáse conta do informe-proposta do 7/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data do Rexistro Xeral 17 de marzo pasado, a empresa TEATRO ENSALLE SLL presenta escrito de solicitude de subvención para a programación da sala Teatro Ensalle no período de xaneiro a marzo de 2017; por este motivo, con data 22 de marzo, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 4.000 €, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 “Programación teatral Convenio Teatro Ensalle” do orzamento municipal vixente.

#### **ANTECEDENTES.-**

**TEATRO ENSALLE SLL** é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para axeración de emprego cualificado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.

#### **DATAS E LUGARES DO PROGRAMA.-**

**Lugar:** sala de Teatro Ensalle, na rúa Chile número 15 da cidade de Vigo

#### **Programación:**

##### **Mes de xaneiro:**

20, 21 e 22: “*Después de Camarina*” da Cía. Teatro Ensalle  
28: Concerto de presentación de Frutal Deaht. Cía Triliterate.

##### **Mes de febreiro: XIII Festival Isto ferve**

3, 4 e 5: “*Os cans non comprenden a Kandinsky*” da Cía AveLina Pérez  
10, 11 e 12: “*Memoria (En blanco)*” da Cía Cambaleo Teatro  
17, 18 e 19: “*Soy una mosca que mira por el agujero de una llave un lugar en llamas*” da Cía Lola Jiménez

##### **Mes de marzo:**

17, 18 e 19: “*Optimismo Florence*” da Cía Anómico Teatro

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importeneto de 17.474,47 € (dezasete mil catrocentos setenta e catro euros con corenta e sete céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 € (22,89 %)
- Xunta de Galicia-Agadic: 4.200 € (24,03 %)
- Ministerio de Cultura (INAEM Danza): 5.000 € (28,61 %)
- Ministerio de Cultura (INAEM Teatro): 1.250 € (7,15 %)
- Billeteira: 2.000 € (11,45 %)
- Asociación "Amigos do teatro": 1.024,47 € (5,87 %)

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do director
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento de seguro RC
- Escrito de TEATRO ENSALLE SLL de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo á programación da sala Teatro Ensalle para o periodo de xaneiro a marzo de 2017.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE SLL, para a programación da sala Teatro Ensalle para o periodo de xaneiro a marzo de 2017, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

TEATRO ENSALLE SLL deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2017, como polo interese público, social e cultural que supón a

actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

#### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE SLL ten como obxecto financiar a programación da sala Teatro Ensalle para o periodo de xaneiro a marzo de 2017, e figura na aplicación 3340.470.00.04 do orzamento municipal vixente, a concesión dunha subvención por importe de 4.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE SLL é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do secretario de Administración Municipal (en canto a asesor xurídico da área) e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 4.000 € (catro mil euros) a TEATRO ENSALLE SLL, CIF B36920247, para o financiamento da programación da sala Teatro Ensalle para o periodo de xaneiro a marzo de 2017, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.04 “Programación teatral Convenio Teatro Ensalle”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e TEATRO ENSALLE SLL que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación da sala Teatro Ensalle para o periodo de xaneiro a marzo de 2017 ”.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DA SALA TEATRO ENSALLE NO PERIODO XANEIRO A MARZO DE 2017.**

#### REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, o D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, na súa condición de administrador solidario da empresa Teatro Ensalle S.L.L. (CIF: B-36920247), actuando en nome e representación da devandita EMPRESA, segundo as facultades que lle outorga a escritura de constitución da sociedade outorgada ante o notario D. Miguel Lucas Sánchez, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Chile, 15 CP 36202 da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

#### MANIFESTAN

*I.- Que o TEATRO ENSALLE SLL é unha empresa que xestiona dende o ano 2003 a programación regular e estable da sala Teatro Ensalle e que aposta pola cultura como elemento central no desenvolvemento persoal e social da cidadanía, un instrumento para o fortalecemento das relacións cidadás e un sector importante para a xeración de emprego cualificado. Así mesmo, aposta por converter a cultura nunha prioridade, promovendo a educación, a creatividade, convertendo aos cidadáns en protagonistas, potenciando o fomento da creación e da formación artística.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación do TEATRO ENSALLE SLL, concretamente na programación da sala Teatro Ensalle no período xaneiro a marzo de 2017, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.470.00.04, como subvención nominativa, a favor de TEATRO ENSALLE SLL, a cantidade de 4.000 euros.*

*IV.- Que TEATRO ENSALLE SLL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo*



resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila EMPRESA para desenvolver o programa de actividades da sala TEATRO ENSALLE durante o periodo xaneiro a marzo de 2017, que se detalla na documentación achegada pola EMPRESA no presente expediente de aprobación do convenio.

### SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola EMPRESA, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe neto de 17.474,47 € (dezasete mil catrocentos setenta e catro euros con corenta e sete céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 4.000 € (22,89 %)
- Xunta de Galicia-Agadic: 4.200 € (24,03 %)
- Ministerio de Cultura (INAEM Danza): 5.000 € (28,61 %)
- Ministerio de Cultura (INAEM Teatro): 1.250 € (7,15 %)
- Billeteira: 2.000 € (11,45 %)
- Asociación "Amigos do teatro": 1.024,47 € (5,87 %)

### TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Lugar: sala de Teatro Ensalle, na rúa Chile número 15 da cidade de Vigo

Programación:

Mes de xaneiro:

20, 21 e 22: "Después de Camarina" da Cía. Teatro Ensalle

28: Concerto de presentación de Frutal Deaht. Cía Trilirate.

Mes de febreiro: XIII Festival Isto ferve

3, 4 e 5: "Os cans non comprenden a Kandinsky" da Cía AveLina Pérez

10, 11 e 12: "Memoria (En blanco) da Cía Cambaleo Teatro

17, 18 e 19: "Soy una mosca que mira por el agujero de una llave un lugar en llamas" da Cía Lola Jiménez

Mes de marzo:

17, 18 e 19: "Optimismo Florence" da Cía Anómico Teatro

### CUARTA.- OBRIGAS DA EMPRESA . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, administrador solidario e director técnico de Teatro Ensalle.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

–Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A EMPRESA entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

#### QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (4.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou

persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

#### SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras empresas distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras empresas que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

#### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 30 de novembro de 2017.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  - Memoria de prensa.
  - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  - Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como EMPRESA destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula

o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola EMPRESA beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a EMPRESA beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

#### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2017 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da EMPRESA, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

#### DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da EMPRESA. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

#### DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2017, e non será prorrogable.

#### DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da EMPRESA a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### ANEXO

#### ORZAMENTO DA PROGRAMACIÓN DA SALA TEATRO ENSALLE NO PERIODO XANEIRO-MARZO DE 2017

##### 1.- GASTOS:

##### 1.1. DIRECTOS

Cachés	6.400 €
Nóminas (programadora, maquetación, técnico, prensa e comunicación)	4.600 €
Locais	1.708,50 €
Publicidade	504,76 €
TOTAL GASTOS DIRECTOS	13.213,27 €

##### 1.2. INDIRECTOS

Nóminas persoal de sala	1.680 €
Xestoría	456,16 €
Pertenza Rede Estatal de Teatros	120,20 €
Subministros	827,95 €
Seguros	323,75 €
Tributos	853,11 €
TOTAL GASTOS INDIRECTOS	4.261,17 €
TOTAL GASTOS (sen iva)	17.474,47 €

## 2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	4.000 €
Xunta de Galicia-Agadic	4.200 €
Ministerio de Cultura (INAEM Danza)	5.000 €
Ministerio de Cultura (INAEM Teatro)	1.250 €
Billeteira	2.000 €
Asociación "Amigos do teatro"	1.024,47 €
TOTAL INGRESOS	17.474,47 €

## **29(350).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS DE VIGO POR UN PERÍODO DE UN ANO. EXPTE. 936/341.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/04/17, dáse conta do informe-proposta do 22/03/17, asinado polo xefe de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD Leg 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. TRLCSP
- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

### ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 13 de agosto de 2015 acordou (expte. 936/341):

*“Adxudicar á SERVICIOS SECURITAS, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos*



*Municipais (expediente 936-341) cunha redución porcentual dos prezos unitarios de horas de prestación do servizo de atención ó público, previstas no apartado 3.F da FEC así como do prezo do servizo de coordinación e organización do servizo previsto no apartado 3.A da FEC do 35. (%).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

2. Con data 9 de setembro de 2015, asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e a mercantil SERVICIOS SECURITAS S.A. polo que esta empresa “comprométese á execución do servizo de atención ao público en dependencias da rede de museos con estricta suxeición ó prego de cláusulas técnicas e administrativas aprobados polo Concello, documento contractual que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando a súa conformidade”.

3. “O contrato terá unha duración de dous anos, comezando a prestación o día 16 de setembro de 2015. Contémplanse dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

4. A porcentaxe de redución da adxudicataria fora do 35% respecto aos importes de licitación polo que o prezo máximo polo que se subscribiu o contrato para as dúas anualidades é de 518.973,39 €, que se distribúen do seguinte xeito: 75.683,62 € do 16 de setembro ao 31 de decembro de; 259.486,70 € xaneiro-decembro de 2016 e 183.803,08 € do 1 de xaneiro ao 15 de setembro de 2017.

5. Por escrito de entrada no Rexistro Xeral, nº 170018774 de data 09/02/2017, D. Antonio López González, apoderado, en nome e representación da mercantil SERVICIOS SECURITAS SA. acepta e está conforme nas condicións establecidas para a prórroga do contrato, en resposta a comunicación do concelleiro-delegado de Cultura de data 6 de xaneiro de 2017.

6. Consta no expediente resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 21 de marzo de 2017, dispoñendo que se proceda a instruír a prórroga do contrato por ser necesario continuar coa prestación do servizo da empresa contratada para a execución dos devanditos traballos co persoal cualificado para a execución dos mesmos e cos resultados satisfactorios acadados.

7. Esta xefatura informa que a empresa SERVICIOS SECURITAS ten cumprido satisfactoriamente con estipulado no citado contrato e nos pregos técnicos e PCAP, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas, sin que se teñan producido incumprimentos pola súa parte ou algún tipo de queixa. Os técnicos responsables do Museo Quiñones de León ou do Verbum-Casa das Palabras tamén teñen manifestado que as prestacións se desenvolven pola empresa de forma adecuada aos pregos e de forma satisfactoria.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Regula o art. 303.1 do TRLCSP, respecto á duración inicial dos contratos de servizos, que os mesmos no poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos, se ben poderá preverse no contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda

de seis anos. No caso de que a duración inicial fose inferior a catro anos, as prórrogas non poderán exceder, aislada ou conxuntamente, do prazo fixando orixinariamente.

2.- En línea co anterior, o art. 23.2 do TRLCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de éstas, e que na concurrencia para a súa adxudicación realizouse tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os períodos de prórroga. Así mesmo, a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse por consentemento tácito das partes.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 9 de setembro de 2015, como a cláusula 7 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartados 4.A) e 4.C) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de dous anos naturais dende a data de sinatura, prevéndose a posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha, previo acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do contrato.

4.- O expediente de prórroga do contrato iniciarase polo órgano de contratación conforme o previsto no art. 109.1 do TRLCSP, estando delegada no Concello de Vigo esa competencia por acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015 nos concelleiros delegados de Área. A tal fin consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Cultura de data 21 de marzo de 2017 autorizando o inicio deste expediente de prórroga do contrato.

5. Conforme ao previsto no art. 109.3 deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupuestaria.

6.- A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao art. 110.1 do TRLCSP.

7.- A primeira prórroga anual do contrato sería dende o 16 de setembro de 2017 ao 15 de setembro de 2018 e o seu importe máximo de 259.486,70 €; correspondendo 75.683,62 € ao exercicio 2017 (66.135,90 € por servizos xerais de atención ao público e 9.547,72 € por servizos de coordinación) e 183.803,08 € ao exercicio de 2018 (160.615,76 € por servizos xerais de atención ao público e 23.187,32 € por servizos de coordinación) .

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previo informe da Intervención Xeral, coas conformidades do secretario de Administración Municipal, do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais de Vigo (expte. 936/341), polo período dun ano, é decir, dende o 16 de setembro de 2017 ao 15 de setembro de 2018, polo importe máximo total de douscentos cincuenta e nove mil catrocentos oitenta e seis euros con setenta céntimos (259.486,70 €), ive engadido.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe máximo total de douscentos cincuenta e nove mil catrocentos oitenta e seis euros con setenta céntimos (259.486,70 €), ive engadido, a favor de SERVICIOS SECURITAS S.A (CIF A28966800), con cargo á partida 3330.227.99.05 “Servizos de atención ao público”, do cal corresponden:*

*ao exercicio económico de 2017, 75.683,62 € (66.135,90 € por servizos xerais de atención ao público e 9.547,72 € por servizos de coordinación) e ao exercicio económico de 2018, 183.803,08 € (160.615,76 € por servizos xerais de atención ao público e 23.187,32 € por servizos de coordinación) .*

*TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicar este no perfil do contratante do Concello de Vigo”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(351).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS PARA A “HUMANIZACIÓN DA RÚA CANCELEIRO (ENTRE AVDA. ROSALÍA DE CASTRO E AVDA. GARCÍA BARBÓN)”. EXPTE. 3421/443.**

Visto o informe de fiscalización do 5/04/17, dáse conta do informe-proposta do 4/04/17, asinado polo xefe do Servizo administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

- *O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2016 recolle dentro do capítulo “pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.6190054 “HUMANIZACION DA RÚA CANCELEIRO (ENTRE AVDA. ROSALÍA DE CASTRO E AVDA. GARCÍA BARBÓN).”*
- *Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 11/08/16, autorizou o contrato menor de servizos, para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol da mercantil Ingenia Proyectos Técnicos, S.L.*
- *A mercantil Ingenia Proyectos Técnicos, S.L. presenta proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA CANCELEIRO, ENTRE ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, María Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS*

DEZANOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (219.688,56 EUROS) e data outubro de 2016.

- A Enxeñeira Industrial, D<sup>a</sup> Begoña Arranz González e a Técnica Media de Obras Públicas D.<sup>a</sup> María Francisca Arlandis Marra, con data 24 de marzo de 2017, informan que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.
- O Concelleiro Delegado de Fomento, con data 3 de abril de 2017 resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.
- A actuación se desenrola Rúa García Lorca, entre a Rúa Darío Durán e a Avda. da Florida, e comprende as seguintes actuacións:

- Demolición do pavimento de beirarrúas e calzada, así como escavación e compactación do fondo para posterior colocación de servizos.

- Renovación da pavimentación de beirarrúas con laxa e bordo de granito, e nova pavimentación da calzada con dúas capas de MBQ, unha primeira capa tipo AC-22 de 7 cm de espesor e unha capa de rodaxe tipo AC-16 SURF D de 5 cm de espesor.

- Execución de vados peonís con pavimentación en granito vermello Altamira.

- Renovación da rede de abastecemento con tubaxe de fundición dúctil de diámetro 100 mm en ambas marxes da rúa, así coma a súa conexión á rede existente.

- Renovación de valvulería e acometidas de abastecemento.

- Eliminación de taxea de saneamento, trasladando as acometidas e conexións existentes cara o actual colector de formigón de diámetro 1000 mm que discorre polo centro da calzada.

- Execución de rede de pluviais mediante colector de 500 mm de diámetro, renovando sumidoiros e conexións de acometidas á edificacións. Conectarase á rede existente na rúa Rosalía de Castro mediante arqueta sifónica.

- Renovación do alumeadado con nova canalización e novas luminarias con columna Fernando VII e farol Palacio.

- Execución de nova canalización de electricidade e telecomunicacións, así como a renovación das súas acometidas.

- Prevese a execución dunha rede de semaforización por ámbalas dúas beirarrúas.

- Proxéctase unha rede de rego con ramais para alimentación de bocas de rega, xardineiras e arborado. A especie de árbore a plantar será o *Ligustrum Japonicum* (Aligustre), mentres que nas xardineiras contémpnanse diversas especies de arbustos e plantas.

- Instalación de sinalización horizontal e vertical e mobiliario urbano

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de TRES meses.

## CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

*I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.*

*II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.*

*III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.*

*IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).*

*V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).*

*Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*

### ACORDO:

*Aprobar o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA CANCELEIRO, ENTRE ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, María Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS DEZANOVE MIL SEISCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (219.688,56 EUROS) e data outubro de 2016.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **31(352).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez